

Xuventude

programa 2016 crea



XUNTA DE GALICIA

Xuventude Crea

Premios 2016

Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Santiago de Compostela 2017

Edita:

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado.
Consellería de Política Social.
Xunta de Galicia

Imprime:

Alva Gráfica

Autora cartel portada:

Tamara Rey Martínez

1ª Edición: 2017

D. L.: C 559-2017

Índice

ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Isabel Pazos Pose

Mar Ramón Soriano

Arantza Pardo Barbeito

David Catá

ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Miriam Iglesias Pérez

Inés Vázquez Ramallal

Daniel Corrada Rodríguez

ESPECIALIDADE DE COCIÑA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Pedro Vázquez Pereira

Óscar Iglesias González

María José Losada Acero

Yeray Álvarez Gallego

ESPECIALIDADE DE DESEÑO E XOIAS

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Emma Lichtenstein Fernández-Albor

Eva Baqueiro Gil

Naira Comesaña González

Sara Pais Negreira

ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Aitor-Víctor Fernández Marcos

Fátima Seijo Martínez

David Catá

Sheila Pazos

Carla de Castro Vázquez

Lucía Hernández Fernández

Marta Gago Formoso

ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Daniel Mayobre López

Tirso Paz Sans

Noel Pérez Fungueiriño

Diego Anido Seijas

Iria Fafián Alonso

ESPECIALIDADE DE MODA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Beatriz Moreira Cotos

Iria Carrera Chapela

Patricia Crujeiras Besada

Thalita Dumont

ESPECIALIDADE DE MÚSICA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

9	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016	47
10	Premiados	
10	Isabel Pazos Pose	48
12	Mar Ramón Soriano	50
14	Arantza Pardo Barbeito	52
16	David Catá	54
	Sheila Pazos	54
	Carla de Castro Vázquez	56
	Lucía Hernández Fernández	58
19	Marta Gago Formoso	60
20	ESPECIALIDADE DE GRAFFITI	
22	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016	63
24	Premiados	
	Daniel Mayobre López	64
	Tirso Paz Sans	66
	Noel Pérez Fungueiriño	68
27	Diego Anido Seijas	70
28	Iria Fafián Alonso	72
30		
32	ESPECIALIDADE DE MODA	
34	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016	75
	Premiados	
	Beatriz Moreira Cotos	76
	Iria Carrera Chapela	78
	Patricia Crujeiras Besada	80
	Thalita Dumont	82
37		
38	ESPECIALIDADE DE MÚSICA	
40	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016	85
42		
44		

Premiados

Lucía da Fonte & João Alberto
Oíma
Dioivo
Skyfly
Fripp & Kitte
Luga

ESPECIALIDADE DE POESÍA

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Alba Cid
Carlos Alberto Vidal Puga
Jesús Castro Yáñez

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

María Alonso Espasandín
Adrián Casanova Chiclana
Nerea Pallares Vilar
Antía Iglesias Fernández

86

88

90

92

94

96

99

100

106

110

115

116

120

122

132

ESPECIALIDADE DE TEATRO

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

GN Teatro
Pinchacarneiro Teatro
TikTak Teatro
Inherente Teatro
Vai no dentista

141

142

144

146

148

150

ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2016

Premiados

Andrés H. Bonader
Marina González Guerreiro
Celia Parra Díaz
Eire García Cid
Aitor-Víctor Fernández Marcos
Laura García Calleja

153

154

156

158

160

162

164

Saúda

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social

A xuventude é o principal activo de Galicia. O futuro da nosa economía, o vehículo da nosa cultura e a esperanza da nosa demografía.

Desde a Consellería de Política Social apostamos polo desenvolvemento dos mozos e mozas, polo establecemento de vías de apoio á creatividade da mocidade e por converter o programa Xuventude Crea nunha plataforma de lanzamento para amosar os seus proxectos creativos. A maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega.

Iniciativas como Xuventude Crea supoñen incrementar as posibilidades dos novos valores da arte galega. Facilita un espazo para que os mozos e mozas poidan exercer as súas habilidades, poñer en marcha e ensaiar solucións innovadoras, impulsar a súa posible proxección e inserción profesional futura.

Estimular a xuventude é outorgarlle aos mozos/as ferramentas para expresar estes valores. As vías e o apoio institucional para desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades. Esa é a tarefa da Xunta de Galicia. Damos acceso ás plataformas nas que manifestan a súa inqueda artística e cultural mentres fomentamos a creatividade para que brille o talento da nosa xuventude.

Investir en xuventude é investir no futuro de Galicia. Queremos seguir contando con vosco para facer desta terra un lugar mellor para vivir. Seguidе creando, innovando. Así estaredes incrementando o rexistro intelectual dunha Galicia que cada vez ten maior presenza no mundo.



**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2016**

ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

PRESIDENTA:

*Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude,
da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da
Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Mercedes Rozas Caeiro
Esperanza Lema Bouzas
Pedro Miguel González Galilea
José Eduardo López Valiña
Miguel Couto Cotelo

SECRETARIO:

Santiago Aparicio Fernández



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2011, Universidade de Vigo, Pontevedra
- Grao en Belas Artes, sen finalizar, pendente de proxecto

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016, Elas Comunicación, Santiago de Compostela
- 2017, Deseñadora gráfica *freelance* e retratista

1º PREMIO

Isabel Pazos Pose

Santiago de Compostela

Amosei un interese pola pintura desde pequena, atraída polo feito de ter unha capacidade para poder crear.

Influenciada pola pintura figurativa, pretendo darlle unha volta á temática e no proceso artístico busco dar distintas interpretacións do modelo e do contorno, valéndome de diferentes medios e soportes para amosar unha visión subxectiva.

Varío constantemente de técnica para explorar as posibilidades que ofrece cada unha, óleo, acuarela, acrílico, grafito... e tamén me interesa xogar co concepto espacial da dualidade entre a bidimensionalidade e a tridimensionalidade dentro do soporte pictórico.

Combino a miña actividade pintando coa fotografía, a ilustración e o deseño gráfico.

<http://isabelpazos.es>

John Nash





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2011-2015, UVIGO, Pontevedra. Grao en Belas Artes.
- 2015-2016, UVIGO, Pontevedra. Mestrado en Belas Artes, creación e investigación.
- 2016-actualidade, UVIGO, Pontevedra. Doutorado en Belas Artes, creación e investigación.

2º PREMIO

Mar Ramón Soriano

Valencia

Actualmente, na miña investigación e práctica artística, traballo a partir de materiais comúns e cotiáns, aproveitándome dos seus significados e á vez desviando as connotacións que achegan. Á parte destes, están presentes a cerámica e o téxtil, dúas técnicas que teñen moito que ver coa artesanía, co manual e que son técnicas que non pertencen ás grandes formas de facer escultura. A partir destes materiais, que son un punto moi importante na miña obra, trato temas como a intimidade, a protección, o fogar como refuxio e á vez como cárcere, utilizando ao individuo, normalmente representado coa cerámica, dunha forma afastada da idea binaria de xénero, poño en cuestión estereotipos e roles de xénero que nos vemos obrigados a seguir.

Desnudo #9





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2009-2013: Grao en Belas Artes. Facultade de Belas Artes. Universidade de Vigo.
- 2016-2018: Mestrado en Pintura. Especialización en pintura. Facultade de Belas Artes. Universidade de Oporto. Portugal

PREMIOS E BOLSAS

- I Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' de Argentina. Dirixido por Rafael Doctor Roncero
- Premio do xurado. Bial de Pintura Joven Cromática. Ourense
- II Concurso 25º Aniversario da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo
- 4º Premio Novos Valores, Deputación de Pontevedra, etc.

3º PREMIO COMPARTIDO

Arantza Pardo Barbeito

A Coruña

Destacaría exposicións como:

Horizonte de sucesos, na galería Metro en Santiago de Compostela.

Animalista. Representaciones, violencias, respuestas. La Casa Encendida. Comisario Rafael Doctor Roncero. Madrid.

Hoy es un día cualquiera, a mediados de 2030. Círculo de Bellas Artes. Comisariado por Colectivo Sur e Fernando Castro Flórez. Madrid.

Creators of Legends. Percorrido México DF, Suíza e Alemaña.

A paloma muerta. Estudio 22. Logroño. Comisariada por Regina Pérez Castillo.

Puntos de Pintura. Centro Torrente Ballester, Ferrol. Comisariada por Sara Donoso.

www.arantzapardo.com

Estudio del caos





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2006/2010 Facultade de Pontevedra. Graduado en Belas Artes.
- 2010/2011 EFTI. Madrid. Mestrado Fotográfico. Concepto e Creación.
- Conservatorio Profesional de Música de Viveiro. 4º Grao Profesional en acordeón.

3º PREMIO COMPARTIDO

David Catá

Viveiro, Lugo

Dedícome á creación artística empregando soportes como a fotografía, o vídeo, a pintura e a música. O meu traballo establece un diálogo entre a memoria persoal e o acto creativo. O poder de evocación dos obxectos persoais, as fotografías do meu álbum familiar e as miñas propias experiencias sérveme como inspiración. A través delas reflexiono sobre o tempo, a lembranza e a forma de dilatar o proceso do esquecemento.

Recibín o 1º premio do XV Certame de Arte de Reganosa (2015), 1º premio do Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense (2010), 1º accésit do Festival de videoarte Bang, Barcelona (2013) e premio, en dúas ocasións, no Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, entre outros. Seleccionáronme en diversos concursos nacionais e internacionais e expuxen en países como Camboia, México, Perú, Chile, Brasil, Alemaña, Os Estados Unidos, Portugal, España...



MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016 ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

PRESIDENTE:

José Selas Souto, xefe territorial da Consellería de Política Social en Ourense.

VOGAIS:

Natalia Figueiras Pimentel
Jorge Campos Sánchez
Tareixa Taboada
María Rosa González Iglesias
Patricia Joga Díaz

SECRETARIA:

M.^a Mercedes Valeiras González



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 1999- 2010. Colexio Hijas de Cristo Rey (Ferrol). Educación primaria e secundaria.
- 2010-2012. Instituto Concepción Arenal (Ferrol). Bacharelato artístico.
- 2012-2016. Facultade de Belas Artes (Pontevedra). Grao.
- 2014-2017. O Garaxe Hermético (Pontevedra). Escola profesional.

1º PREMIO

Míriam Iglesias Pérez

Narón

Desde a miña infancia nunca deixei o debuxo. Xa fose nunha esquina do caderno ou nunha parede con xiz, debuxaba sempre que podía. Gustábase-me crear personaxes, tal e como vía nos cómics e debuxos animados, e imaxinar as súas aventuras. Coa ilusión de seguir co debuxo e mellorar a técnica, así como con curiosidade polo mundo da arte, proseguín os meus estudos nun bacharelato artístico e logo funme a Pontevedra a sacarme o grao en Belas Artes. Aprendín sobre o mercado da arte, pero non o vía como unha opción laboral. Empecei entón, por curiosidade, a estudar no Garaxe Hermético e a retomar o interese pola Banda Deseñada, oficio ao que de verdade querería dedicarme.

O relóxo biolóxico da cidade





////////////////////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2009-2011 Bachelato Artístico (IES Adormideras, A Coruña).
- 2013-2016 Curso de BD Pro (Garaxe Hermético, Pontevedra).

////////////////////////////////////

PUBLICACIÓNS

- *A vila dos debuxantes do Norte* (Retranca editora S.L) (2014).
- *221BD* (Retranca editora S.L) (2015).
- *Fanzine Hermético nº2* (2015).

2º PREMIO

Inés Vázquez Ramallal

A Coruña

Acadei o segundo premio na especialidade de banda deseñada do certame Xuventude Crea nos anos 2015 e 2016. Participei na revista *Ensueños* 2016 e colaborei na exposición *Escenarios da prehistoria* como ilustradora. Agora mesmo estou desenvolvendo un proxecto persoal de banda deseñada que estará ambientado no rural galego de finais do século XIX.

Sangoma





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2010-2013 Escola de Arte. Oviedo. Ciclo superior de Ilustración.
- 2014-2016 O Garaxe Hermético. Pontevedra. Curso profesional de Banda Diseñada.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2015-actual. Exarus Arch Industries. Xixón.
- 2016-actual. Frore de Carme S. L. Vilagarcía de Arousa.



3º PREMIO

Daniel Corrada Rodríguez

Vegadeo, Asturias

Nacín na Veiga, rodeado por palabras e imaxes. Un día collín un lapis e ata hoxe. Nunca imaxinei facer algo que non fora ilustrar ou contar historias. O obxectivo é, por suposto, ilustrar historias.

Flor de fuego



MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016 ESPECIALIDADE DE COCIÑA

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Cristóbal Ramírez Gómez
Faustino Batallán Cons
José Luis Calo Otero
Miguel Maroño Ovies
Xoán Torres Cannas

SECRETARIO:

José Antonio Rodríguez Fachado



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2012/2017 Universidade de Vigo, Pontevedra. Graduado en Publicidade e Relacións Públicas.
- 2010-2012 IES Vilamarín, Ourense. Técnico Superior en Aloxamentos Turísticos.
- 2008-2010 IES Vilamarín, Ourense. Técnico Superior en Restauración.

1º PREMIO

Pedro Vázquez Pereira

Ourense

Son un gran amante da gastronomía galega e de todos os seus sabores. Esta paixón comezou desde ben pequeno. Nacín e crecín no interior de Galicia -entre Ourense, Piñor e Chantada- e a costa era para pasar as vacacións ata que comecei os meus estudos en Publicidade e Relacións Públicas en Pontevedra. Sempre tiven devoción polo produto do mar, na casa tiñamos unha empresa de peixes e mariscos, pero medrou cando comecei a traballar nunha empresa de turismo mariñeiro na que coñecín máis a fondo o mundo e o traballo dos mariñeiros e das mariscadoras. Actualmente dedícome ao mundo da comunicación, pero sempre cun ollo posto na cociña. Encántame mesturar a Galicia interior e a costeira e de aí nace a elaboración que presenteí ao Xuventude Crea 2016 e co que gañei na modalidade de Cociña. Un tributo a dous grandes produtos da nosa gastronomía galega.

Souto de mar





////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2012-2014: IES do Castro. Bacharelato Internacional.
- 2014-2017: Universidade de Vigo. Grao en Química.

2º PREMIO

Óscar Iglesias González

Vigo

Ademais da miña carreira, a química é unha gran afección e desenvólvoa sempre que teño oportunidade: fabricando cristaliños, facendo experimentos e... cociñando!

A cociña comparte moitas das características que fan interesante a esta ciencia, e para min, neste punto, son dúas paixóns pretas.

Meixelas de porco ao tinto con fundido de tetilla e mazá e flores de pataca





3º PREMIO COMPARTIDO

Mª. José Losada Acero

Sarria (Lugo)

Son unha persoa a quen lle gusta aprender continuamente novas cousas e vivir novas experiencias tanto no traballo coma no tempo libre. Levo desfrutando da cociña desde que teño 8 anos, cando a miña nai ensinoume a facer cousas sinxelas como ovos fritos. A partir de aí comecei a explorar pola miña conta e facer as miñas ceas.

Estou interesada nunha aplicación da creatividade a través da cociña, o teatro, a música e a arteterapia, opino que poden ser boas ferramentas de integración social e que poden ofrecer a posibilidade de derivar nunha vía de orientación laboral, nunha mellora das habilidades sociais, da intelixencia emocional e nunha prevención de condutas destrutivas.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2006-2011 Escola Universitaria de Traballo Social. Santiago de Compostela. Diplomada en Traballo Social.
- 26/10/2011 Recursos Galicia. Santiago de Compostela. Manipulador de alimentos.
- 09/2011-02/2012 Escola de Tempo Libre FESÁN. Santiago de Compostela. Monitora de Tempo Libre.
- 01/2013-02/2013 Casa Rosada. Poio (Pontevedra). Tapas, Pinchos e Canapés.
- 11/2013 Casa Rosada. Poio (Pontevedra). Cociña Internacional.
- 02/2014-06/2016 CIM. Pontevedra. Aula de Teatro.
- 07/2014-08-2014. Femxa. A tapa: novas tendencias.
- 10/2014 lafi. Innovación na cociña.
- 06/2015-11/2015 Universidade de A Coruña. Santiago de Compostela. Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral.
- 01/2017-actualidade. Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Curso Superior Universitario en Cooperación Internacional.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 11/2015-05/2016. AFAPO (Asociación de familiares enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Pontevedra).



**3º PREMIO COMPARTIDO**

Yeray Álvarez Gallego

Bueu

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014-2016: Título de Bacharelato no I.E.S. Johan Carballeira de Bueu.
- Xuño 2015: Curso de Manipulador de alimentos. Grupo Siscop.
- Xuño 2015: Curso de cociña organizado polo Concello de Bueu.
- Xuño 2015: Curso de adestrador persoal e fitness (50 horas). Instituto IFIC.
- Xullo 2015: Curso de Coaching Deportivo: Intelixencia emocional no deporte (50 horas) Instituto IFIC.
- Outubro 2015: Curso de Dietética e Nutrición Deportiva (50 horas). Instituto IFIC.
- Decembro 2015: Curso de Adestramento Funcional (50 horas). Instituto IFIC.
- Actualmente: Ciclo Superior de Dirección de Cociña no CIFP Carlos Oroza.

Pescada en salsa de albariño





**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2016**

ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

PRESIDENTA:

Elena Fabeiro Castro, *xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño*

VOGAIS:

María Noelia Peña Pérez
José María Mayer Segade
Miguel Rodríguez Bertojo

SECRETARIA:

M.^a Pilar Lorenzo Vilar



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2014-2016 EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. C.S. Xoiaría Artística.
- 2016-Cursando actualmente. EASD Valencia. Grao Xoiaría e Obxecto.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016. Prácticas en Lalabeyou. Madrid.

1º PREMIO


Emma Lichtenstein Fernández-Albor

Santiago de Compostela

Desde que teño uso de razón lémbrome con tres grandes paixóns: os animais, debuxar e o xoieiro da miña nai. Anos despois, a cousa non foi cambiando, pero iso descentrábame demasiado dos meus estudos. Pasábame as clases debuxando e deixando voar a miña imaxinación, e como era de supoñer, acabeime perdendo. Decidín buscar a forma coa que sacarlle partido a todo iso que levaba dentro e que estaba desexando saír. Pero buscaba e buscaba, e non o atopaba. Empecei varios estudos sen éxito, e comeceime a desanimar. Pero xusto antes de tirar a toalla, decidín escoitar a quen desde un principio me dicía: “Por que non probas a xuntar as túas tres paixóns?”

Pois imos probar, e a ver que pasa... Agora por fin entendo o de “elixe un traballo que che guste e non terás que traballar nin un día da túa vida.” Grazas por facerme atopalo.

Prothesis collection



**2º PREMIO**

Eva Baqueiro Gil

Gangas do Morrazo

Desde que teño uso de razón gústame realizar traballos manuais e artesáns. A miña principal fonte de inspiración e a natureza. O mar, as plantas... a vida en si mesma e a xoiaría é un mecanismo de expresión moi amplo que me permite plasmar e transmitir ideas e sentimentos.

////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2010 C.F.P. Sanitex. Protésico dental
- 2012-214 C.F.P. Adema. Hixiene bucodental
- 2014-2016 Escola do Atlántico. Xoiaría Artística

////////////////////

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2014 Exposición 10 anos de xoias de autor no Atlántico, Museo de Pontevedra.
- 2014 Exposición 10 anos de xoias de autor no Atlántico, Corte Inglés de Vigo.
- 2015 Desfile de xoiaría na pasarela de moda Runway Galicia 2015.
- 2015 Terceiro premio Xuventude Crea 2015.
- 2015 Cetro realizado para o certame de beleza Guapo de España 2015.
- 2015 Coroa e cetro realizados para o certame de beleza Rei e Reina da beleza España 2015.
- 2015 XXI Mostra Art Xove.
- 2016 Segundo premio Xuventude Crea 2016.

Siriamente





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2009 Técnico conducción actividades físico-deportivas no medio natural/ IES Terras do Turino.
- 2014-2016 Ciclo formativo de grao medio de procedementos de xoiería artística/ Escola Técnica de Xoiería do Atlántico.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016-2016 Prácticas de formación profesional de xoiería / Pykyns Pontevedra.
- 2016-2017 Bolsa Erasmus+ de prácticas profesionais xoiería / Fein le Officine Orafe Italia.

3º PREMIO COMPARTIDO

Naira Comesaña González

Nigrán (Pontevedra)

Son nacida e de raíces galegas. Son curiosa e proactiva, un “cu inquieto” polo que me dediquei un tempo a longas viaxes a través do globo facendo artesanía como macramé e cerámica. Ao convivir con numerosos artesáns, a miña paixón pola creación, modificación e corrección de novas formas, materiais e técnicas, descubrín a xoiería. Regresei a Galicia, a Vigo, para formarme de forma profesional neste oficio. Que- do agradecida aos ditos artesáns, á familia, ao profesorado da xoiería e aos compañeiros de traballo en diferentes áreas, polas oportunidades e as capacidades optidas, como a resolución de problemas, adaptación e flexibilidade. Son unha rapaza que precisa alimentación continua de todo o que me rodea, continuo formándome e traballando neste oficio, agora desde Italia facendo prácticas nun laboratorio de xoiería grazas a unha bolsa Erasmus+.

Inspírome na natureza e na xeometría.





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2014 IES Fontiñas. Santiago de Compostela. Técnica superior en secretariado.
- 2015-2017 EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Técnica superior en xoiaría artística (en curso).

3º PREMIO COMPARTIDO

Sara Pais Negreira

Santiago de Compostela

Actualmente curso estudos de Xoiaría Artística na EASD Mestre Mateo, comezados en 2015 e que rematarei este ano.

Aínda que enfoquei os meus estudos a outras ramas, sempre estiven interesada nas artes, máis concretamente na xoiaría. Esa inquedanza levoume a iniciarme no mundo da artesanía na que podo mostrar as miñas aptitudes xunto coa miña personalidade en pezas nas que deixo un pouco do meu sentir. Pezas elegantes, cómodas e diferentes adaptándose a quen as vai usar.



**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2016**

ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

PRESIDENTA:

*Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude,
da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da
Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Xoán Arias Soler
Xoán Álvarez Rey
Emilio Lavandeira Villar
Fernando Blanco Rajo

SECRETARIA:

M.^a Belén Pardal García



1º PREMIO COMPARTIDO

Aitor-Víctor Fernández Marcos

Ourense

Encántame mirar e saber das cousas, de vez en cando saio e as fotografío.

////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2011-2013 Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde. Ourense. Técnico Superior en Fotografía Artística.
- 2014 - La Plantación. Ourense. Curso de fotografía documental con Jon Cazenave.
- 2015 - La Plantación. Ourense. Curso de fotografía artística con David Jiménez.
- 2016 - La Plantación. Ourense. Curso de fotografía documental con Matías Costa.
- Actualmente curso Belas Artes na Facultade de Pontevedra.

////////////////////

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2012-2015 Estudo de fotografía A.Uve. Ourense.
- Actualmente traballo como *freelance*.

0 aniversario





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2011: IES Cacheiras. Teo. Título en Bacharelato en Ciencias e Tecnoloxía.
- 2011-2012: IES Xelmírez I. Santiago de Compostela. Técnica en Ciclo Medio de Formación Profesional de Laboratorio de Imaxe.
- 2013-2015: CIFP Compostela. Santiago de Compostela. Técnica en Ciclo Medio de Formación Profesional de Preimpresión Gráfica.
- 2015-Actualidade: EASD Mestre Mateo. Santiago de Compostela. Ciclo Superior de Formación Profesional en Fotografía Artística.

1º PREMIO COMPARTIDO

Fátima Seijo Martínez

Teo

Namorada dos pequenos detalles e sendo incapaz de saír sen a cámara na man, lembro desde pequena trasteando nas pequenas cámaras compactas da miña familia, aínda que realmente non foi ata que rematei o bacharelato, e non sabía que facer coa miña vida, que descubrín a verdadeira maxia da fotografía analóxica, e revelando carretes nun cuarto escuro dinme de conta de que non quería facer outra cousa na vida que non fose xogar a retratalo todo.

Cristálida





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2006/2010 Facultade de Pontevedra. Graduado en Belas Artes.
- 2010/2011 EFTI. Madrid. Mestrado Fotográfico Concepto e Creación.
- Conservatorio Profesional de Música de Viveiro. 4º Grao Profesional en acordeón.

2º PREMIO COMPARTIDO

David Catá

Viveiro, Lugo

Dedícome á creación artística empregando soportes como a fotografía, o vídeo, a pintura e a música. O meu traballo establece un diálogo entre a memoria persoal e o acto creativo. O poder de evocación dos obxectos persoais, as fotografías do meu álbum familiar e as miñas propias experiencias sérvenme como inspiración. A través delas reflexiono sobre o tempo, a lembranza e a forma de dilatar o proceso do esquecemento.

Recibín o 1º premio do XV Certame de Arte de Reganosa (2015), 1º premio do Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense (2010), 1º accésit do Festival de videoarte Bang, Barcelona (2013) e premio, en dúas ocasións, no Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, entre outros. Seleccionáronme en diversos concursos nacionais e internacionais e expuxen en países como Camboia, México, Perú, Chile, Brasil, Alemaña, Os Estados Unidos, Portugal, España...

Déjame volar II, 02





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016-2011. ESDEMGA. Pontevedra, Universidade de Vigo. Estudos superiores de deseño téxtil e moda de Galicia.
- 2017-2011. Facultade de Belas Artes. Universidade de Vigo. Pontevedra. Doutorada en Belas Artes.
- 2011-2010. Facultade de Belas Artes. Universidade de Vigo. Pontevedra. Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación.
- 2010-2009. CEI. Madrid. Mestrado en Maya. Modelado, texturizado e animación 3D.
- 2009-2004. Facultade de Belas Artes. Universidade de Vigo. Pontevedra. Licenciada en Belas Artes. Premio Fin de Carreira.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2016: SWATCH. Zúrich (Suiza). Deseñadora de produto.
- 2017-2016: ESDEMGA (Pontevedra). Universidade de Vigo. Profesora da materia Xéneros de punto.
- 2016-2013: Facultade de Belas Artes. Universidade de Vigo. Pontevedra, Persoal Docente e Investigador.
- 2014_ Viktor&Rolf. Ámsterdam. Prácticas en Prêt-à-Porter home. Viktor&Rolf.

2º PREMIO COMPARTIDO

Sheila Pazos

Xenebra (Suíza)

Desde o ano 2008, participo en numerosas exposicións colectivas e individuais, nacionais e internacionais, gañando varios premios como os premios Injuve 2017, 1º Premio de Debut en 2015, 1º Premio Xuventude Crea de Moda 2014 (antigo Tesoira), 3º Premio Xuventude Crea de Moda 2013, o 3º Premio do X Certame Internacional de Artes Plásticas da Deputación de Ourense no 2011, o 2º Premio en Artes Plásticas Xuventude Crea 2010, a Bolsa Novos Valores 2009 da Deputación de Pontevedra, 1º Premio de Videocreación Gz Crea 2008, e recibo varios accésits e mencións de honra.

Presento a miña primeira colección Artificial Paradises na plataforma Samsung Ego da Mercedes-Benz Madrid Fashion Week no 2016 e son finalista nos premios ITS, na categoría ITS Artwork en xuño 2016 en Trieste (Italia).

Antioquia





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2001-2008 Educación infantil e primaria. Colexio Apóstolo Santiago.Vigo.
- 2004-2006 Ballet. Academia Miriam Pino. Vigo.
- Iniciación ao violín. Academia Armando Toledo. Vigo.
- 2006-2012 Grao elemental de violín. Conservatorio Público.Vigo.
- 2008-2010 Quinto e sexto de educación primaria. Colexio García Barbón.Vigo.
- 2010-2015 Educación secundaria e 1º de bacharelato humanístico. IES Rosais II.Vigo.
- 2012-2014 Grao profesional de canto lírico. Conservatorio Copelia. Vigo.
- 2013-2014 Curso iniciación teatral. Vagalume. Vigo.
- Curso de baile moderno/contemporáneo. Mayeysis. Vigo.
- 2015-2016 2º de bacharelato artístico. IES Coia II.Vigo.
- Setembro de 2016 Curso de inmersión lingüística. David College. Mallow, Irlanda.
- 2016-2017 1º curso de interpretación, movemento e voz. Estudo Juan Carlos Corazza. Madrid.

3º PREMIO COMPARTIDO

Carla de Castro Vázquez

Vigo

Considérome unha rapaza normal, con gran paixón polas artes. Gústame moito a música, ler e escribir. Actualmente dedícome á interpretación, algo que desde pequena sempre me chamou a atención e penso que é a mellor maneira de poñerse na pel doutra persoa e transmitir ao mundo diferentes formas de ver a vida. A fotografía tamén a teño presente, xa que sen ela non poderíamos darnos conta dos pequenos detalles que nos rodean; cada imaxe ten a súa historia e aos ollos de cadaquén transmite unha sensación diferente.





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2007-2010. USC. Santiago de Compostela. Diplomada en Traballo Social
- 2010-2015. Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Vigo. Titulada superior en Interpretación Xestual.
- 2016. Ģertrūdes ielas teātris, Riga (Letonia). Erasmus + de prácticas interpretación.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2007- Zancalino produs. Lugo.
- 2008- Orquestra Sinfónica de Galicia, A Coruña.
- 2008- Imaxinaria teatro. Galicia.
- 2009 e 2011- Limiar teatro. Galicia e Portugal.
- 2015- Agulla de Marear. Vigo.
- 2016- Centro Cultural e Veciñal de Valladares. Vigo.

3º PREMIO COMPARTIDO

Lucía Hernández Fernández

Vigo

Logo de diplomarme no ámbito social vin a opción de utilizar a expresión artística e, en concreto, a arte dramática, no ámbito social.

Paralelamente á miña formación na ESAD de Galicia, traballei como actriz en varios proxectos de teatro social, teatro foro e teatro comunitario, ademais de realizar diferentes cursos relacionados con ambas especialidades.

Actualmente estou en varios proxectos nos que busco integrar diferentes disciplinas artísticas e sociais na procura dunha linguaxe propia.

Galván vinte





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2010. Cursando Grao en Diseño de Produto.
- 2008. Curso oral e escrito de inglés expedido polo centro Carraig Linguistic Services en Cork (Irlanda).
- 2007. Curso oral e escrito de inglés expedido polo centro EAC Vacation Courses en Stratford (Inglaterra).

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016 (febreiro-maio). Prácticas diseño gráfico en Idear Comunicación Visual S.L.

MENCIÓN DE HONRA

Marta Gago Formoso

Santiago de Compostela

Non é difícil botarse as mans á cabeza por amolala unha vez tras outra. A verdade é que non cambiaría nada da miña vida. Converteime en moitas outras cousas que antes non era, que non sabía que podía chegar a ser. Así coñecín a fotografía. Encántame saír a rúa con música e pasar as horas imaxinando e fotografando todo o que vexo ao meu redor. Crear e plasmar recordos. Grazas a ela, agora tento conseguir as miñas metas e gozar do percorrido.

Crónico



MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016

ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Amabel González Troncoso

Pow One

Sokram

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

SECRETARIA:

Carmen Pereiras Pérez



FORMACIÓN ACADÉMICA

- Título da ESO.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Desde o ano 2007 realizo traballos artísticos coa técnica do spray en locais tanto públicos coma privados, non só locais se non tamén grandes empresas, vivendas privadas e en todo tipo de lugares ou superficies como camións, mobles... etc.
- Realicei diferentes traballos de deseño como portadas de discos, camisetas... Traballos como monitor de iniciación ao graffiti, monitor nun taller de customización de prendas téxtiles.

1º PREMIO

Daniel Mayobre López

Narón, A Coruña

O meu gusto polo debuxo e pola arte vén desde que era pequeno, era a miña forma de expresión e de comunicarme. Comecei no graffiti no ano 2002, para min unha das mellores formas de expresión que existen.

Actualmente inicieime no mundo da tatuaxe.

Volver



**2º PREMIO**

Tirso Paz Sans

Lugo

Bublegum é o alter ego de Tirso Paz, son graffiteiro e tatuador.

Desde que en 2004 toquei un spray por primeira vez, fun deixando a miña arte por centos de paredes en constante evolución e probando novos formatos.

O meu estilo varía do realismo ao 3D liricamente.


Traballo moito a figura da muller e como as luces e sombras crean efectos interesantes e texturas na pel.

Son un artista moi versátil, fixen do graffiti o meu estilo de vida realizando unha serie de obras como muralista e decoración de interiores para individuos e empresas.

Combino a miña paixón polos sprays coa tatuaxe.

Instinto animal





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2007-2010. Técnico en Ilustración pola EASD Pablo Picasso da Coruña.
- 2011-2016. Graduado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela



EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Traballo como ilustrador e pintor mural *freelance* para unha morea de empresas, particulares e institucións (Cman Dixital (Boiro) Vaova Gastro, Artefacto producións, Mutante Creativo, TVG, Bergen Audiovisual (Santiago), Concello de Santiago, Deputación da Coruña, Editorial Elvira, Cabezas Cuadradas (Guadalajara. mx.), entre moitas outras).

3º PREMIO

Noel Pérez Fungueiriño

Rianxo

Interésame o poder narrativo das imaxes. Como dispor esas formas e cores da maneira apropiada para xerar algún tipo de emoción ou pensamento en min mesmo e por conseguinte na persoa que as vexa. Sobre todo, se esas imaxes están feitas na rúa, isto toma unha dimensión moi motivadora.

Novembro





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2009 Educación Secundaria. Colexio Ánxel Fole, Lugo.
- 2012-2013 Ciclo de Serigrafía Artística. Escola de arte Ramón Falcón, Lugo.
- 2014-2016 Ciclo de gravado artístico. Escola de arte Ramón Falcón, Lugo.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 10 anos de experiencia no mundo do aerosol.
- Traballos de muralismo para o Concello de Lugo: Plaza Castiñeiro, casa da Música, Casa da Xuventude.
- Traballos para o Concello de Sarria, A Estrada, Lalín etc...
- Talleres de graffitti , arte urbano e distintas artes plásticas.
- Exhibicións para "Vella Escola" en Santiago, Lugo.
- Exhibición festival e Jamonciño en Vigo.
- Exhibicións para distintos centros comerciais.
- Exhibición para Graffour, tenda especializada en graffitti de Ourense.
- Encargo para particulares e empresas (naves industriais, bares, salóns de peiteado, garderías, hoteis, colexios...) Tarragona, Lugo, Santiago, Ourense etc...

MENCIÓN DE HONRA

Diego Anido Seijas

Lugo

Son membro destacado da Asociación Otro Prisma especializado na técnica do aerosol realizando muralismo e traballos de grandes dimensións de ata 700 m². Diseñador gráfico de montaxe de proxectos. Animador en distintos eventos públicos e colaborador en eventos para organismos públicos e privados. Experiencia en realización de traballos manuais e artísticos para empresas de deseño gráfico.

Gran parte do meu traballo pódelo seguir en Facebook: Otro Prisma.

A ra galega croa / La rana gallega croa





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2007-2011. Facultade de Belas Artes, Pontevedra.
- 2010. Ecole Européenne Supérieure de l'Image, Angoulême (Francia).
- 2012. curso de gravado calcográfico, Fundación CIEC. Betanzos (A Coruña).
- 2012-2013. Postgrao de ilustración, Escola BAU, Barcelona.
- 2013-2014. Mestrado de obra gráfica, Fundación CIEC. Betanzos (A Coruña).
- 2016. Curso sobre álbum ilustrado do Laboratorio Emilia. Formación online.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017. Editorial Santillana, ilustradora.
- 2017. Revista El Ancla (A Coruña).
- 2016. Decoración mural. Culleredo.
- 2015. Decoración mural. Culleredo.
- 2015. Editorial Galaxia, ilustradora.
- 2014. Taller de gravado La Granja (Granada), axudante de taller.
- 2013-2014. Walrus Books (Barcelona), álbum ilustrado 'En boca del lobo'.
- 2012. Decoración mural, Denia.
- 2010. Deseño e campaña gráfica do proxecto Naturaliza, '1er Festival pola Cultura Medioambiental' (Pontevedra).
- 2010. Exhibición e taller de graffiti en festival 'Arte + Parte' na Coruña.

MENCIÓN DE HONRA

Iria Fafián Alonso

Vilanova i la Geltrú (Barcelona)

Estudei Belas Artes en diversas facultades españolas e no l'École Européenne de l'Image de Angoulême (Francia). Especializouse en ilustración na Escola BAU de Barcelona e cursou un mestrado en obra gráfica na Fundación CIEC (Betanzos, Galicia).

Sempre me interesou a creación de imaxes, o proceso creativo e a investigación gráfica, por iso convertín a miña paixón polo debuxo na miña profesión e ocupación diaria.

As miñas temáticas predilectas están moi ligadas coa comprensión da natureza en relación ao humano, á busca interior do salvaxe e o cambio de rol dos personaxes clásicos.

O debuxo ao natural é un fiel compañeiro, por iso sempre levo comigo as miñas libretas de esbozo.

Móvome en distintos campos artísticos como o muralismo urbano, as técnicas gráficas, o debuxo... Isto permíteme cambiar de rexistro e de soporte para desenvolver distintas linguaxes como se de distintas persoalidades se tratara.

A miña Ofelia



MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016

ESPECIALIDADE DE MODA

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Heriberto Otero González
Belén Correa Corredoira
Patricia García Lema
María de Fátima Díez Platas

SECRETARIA:

Pilar Tamerón Montesinos



////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 09/2013-actualidade, EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. Grao de Deseño de moda.

1º PREMIO

Beatriz Moreira Cotos

Santiago de Compostela

A miña andaina no mundo da moda comezou de forma autodidacta, pasando por un proceso natural de interese e evolución cara a especialidade.

Tras isto e pasando por estudos anteriores desvinculados deste ámbito, rematei cursando a especialidade superior de deseño de moda coa que puiden estudar a disciplina de forma integral.

From them





FORMACIÓN ACADÉMICA

- Comecei a miña traxectoria dentro do mundo do deseño dun xeito natural, experimentando e investigando pola miña conta. Decidín comezar a estudar o ciclo medio de Moda e Patronaxe no CIFP Manuel Antonio de Vigo, momento no que me decantei pola rama do deseño e comecei os estudos de Deseño de Moda e Patronaxe na escola Pin Factory de Vigo, onde me atopo rematando na actualidade.

2º PREMIO

Iria Carrera Chapela

Vigo (Pontevedra)

Participei en diversos certames e desfiles entre os que se atopan o Certame Getxo Moda 31 do que fun finalista e o V Concurso de Xoves Deseñadores Ferrol Fashion Night no que me galardoaron co 2º premio.

Presenteime ao Certame Xuventude Crea por primeira vez no ano 2015, no que recibín o terceiro premio; repetindo no ano 2016 e recibindo o segundo premio.

Ademais, de apaixonarme a expresión artística por medio do deseño de moda, tamén atopo moi interesantes o mundo da música e audiovisual. Tiven a sorte de formar parte de proxectos creativos como a rodaxe dunha curtametraxe “Todo por Galactus” e do videoclip da canción “Aligrina” do grupo Trilitrate.

Malévich





////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013-2016. Pin Factory Centro de Formación (Vigo).
- 2016. Ciclo Superior de Patronaxe e Moda no CIFP Manuel Antonio (Vigo).

3º PREMIO COMPARTIDO

Patricia Crujeiras Besada

Vigo

Hai persoas que lles custa moito decidir que queren estudar, eu en cambio, tiña claro desde o primeiro momento que o que quería estudar e onde quería traballar sería no sector da moda. Empecei estudado Deseño de Moda, xa que era o que máis me gustaba. É moi satisfactorio, cando as ideas que plasmas no papel e as levas a cabo, son valoradas e gustan.

Renewal





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2003-2005 IES A Carballeira. Ourense. Bacharelato.
- 2014-Actualidade Academia Pin Factory. Vigo. Curso de Deseño de Moda e Patronaxe.

3º PREMIO COMPARTIDO

Thalita Dumont

Venezuela

A moda é a miña vocación, de nena xogaba debuxando as miñas propias coleccións nun pequeno caderno e soñaba con que fose a miña profesión de maior.

Aos 23 anos, comecei creando os meus propios deseños, inclusive púxenos á venda en eBay, pero non funcionou, faltáronme coñecementos sobre deseño de moda e fun consciente pero as ferramentas non estaban ao meu alcance.

Cando por fin decidín procurar os meus soños, trasladeime a Vigo para poder conxugar o meu traballo cos estudos, deixando atrás a cidade que me viu medrar, xirando a miña vida 360°.

Daquilo fai dous anos, data na que comecei a miña carreira nesta escola.

A moda apaixóname e considérome creativa e boa comunicadora.

No futuro máis preto quero continuar a miña formación pero sen quitar o ollo dese soño de dedicarme a iso e poder ver como a xente namorase do meu traballo.

Nº 1



MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016

ESPECIALIDADE DE MÚSICA

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Francisco Allo Fernández
Gandy
Manoele de Felisa

SECRETARIA:

M.^a Jesús López Cernadas



FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 2003-2009. Diversos concertos e audicións como profesor e alumna na Escola de Música Alfaia. Santiago de Compostela e arredores.
- 2010. Gravación da primeira maqueta.
- 2010-2012. Concertos en Santiago de Compostela como na Borriquita de Belém, na compañía do músico Lucas Fixel; no Modus Vivendi, Malas Pécoras, A Reixa, Babel, Hostal dos Reis Católicos ou Casa das Crechas; e directos en diferentes medios como en Radio Obradoiro. Actuacións en eventos privados e actos oficiais diversos, etc. Concertos didácticos para a Federación de Autismo de Galicia.
- 2011-2015. Organización e participación en diferentes audicións e concertos co alumnado de técnica vocal e de combo musical de música moderna da Escola de Música Alfaia, como profesorado desta.
- 2015. Finalistas no II Certame Canción de Autor*a do Concello de Teo 2015.
- 2016. 1º premio compartido con Oïma no Xuventude Crea 2016, na especialidade de música.

1º PREMIO COMPARTIDO

Lucía da Fonte & João Alberto

2009

A miña vida vai de música, canto e viaxes; de moita ilusión e de ganas de aprender constantes. Aos 15 anos fundei o meu primeiro grupo de rock e desde aquel entón tomei clases de técnica vocal con diferentes docentes en moi diversos lugares. Formei parte de varios grupos de rock, jazz e música afrobrasileira; sendo dende 2014 a vocalista do grupo de rock en galego "lth" e dun dúo de cabaré co músico João Alberto.

Actualmente son profesora e investigadora predoutoral na USC, e estou centrada na elaboración da miña tese de doutoramento sobre canto e infancia, pero sempre busco un oco para dedicarllo á composición. Defínome como unha "cabareteira rockeira", amante das viaxes e do alleo.

João Alberto foi meu profesor, é e será. Foi, porque así o coñecín na compostelá Escola de Música Alfaia como director do combo musical de música moderna. Eu tiña moitas inquiredanzas e levaba letras e melodías que el valoraba máis do que eu o facía. Tamén me deu clase de piano complementario. É, porque entende de máis os meus deseños vocais e composicións, e fai soar en calquera instrumento os meus sentimentos. E será, porque na vida nunca se deixa de aprender. Alén das nosas ocupacións profesionais, poden pasar meses... pero sempre atopamos tempos e espazos para traballar no que máis nos enche: a experimentación musical. Co apoio deste premio agardo que máis cedo que tarde podamos plasmar nun traballo meditado as miles de horas nas que sincronizamos neuronas e compartimos voz, anécdotas e, en definitiva, música.

“Vida erradía” / “O absurdo”





////////////////////

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- Desde a nosa formación, actuamos en diferentes lugares da xeografía galega (A Coruña, Arzúa, Baio, Laxe, Ortigueira, Ponteceso, Palas de Rei, Rois, Santiago, Vilar de Santos...).
- No 2016 gañamos o I Festival Folk de Artistas Emerxentes Val da Mahía.

1º PREMIO COMPARTIDO

Oïma

2015

Somos unha proposta musical concibida tanto para escoitar como para bailar. Unha violinista, un acordeonista e unha clarinetista que xa tiñamos compartido melodías noutras agrupacións decidimos no ano 2015 poñer en marcha un grupo onde mesturamos a nosa tradición con outras coas que fomos entrando en contacto. Así, partindo dos ritmos galegos, chegamos até os doutros lugares de Europa e do mundo.

Somos:

Antía Ameixeiras ao violino

Olalla Liñares ao clarinete

Martiño Senande ao acordeón diatónico

“Círculo da preguiza” / “Maraca”





////////////////////

FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 06/05/2016. Concerto de estrea de Dioivo: Dioivo + Satanasia, en Pub Frenopatiko.
- 17/06/2016. Dioivo + Zan Hoffman, en Pub Frenopatiko.
- 03/09/2016. Replyca + Dioivo, no Hangar 77.
- 10/09/2016. Warm Up Soluciones Extremas V en C.S.O.A. A Quinta da Carmiña: Dioivo + Mondo Podre + Psicofenómenos.
- 18/11/2016. Final do concurso “Xuventude Crea”, na discoteca Factory Room (Melide).
- 19/11/2016. Xornada solidaria en C.S.O.A. A Quinta da Carmiña: Dioivo + The Savage Pears.
- 09/12/2016. Concerto en Pub Transylvania: Dioivo + Somewhere Beyond + Democide.

2º PREMIO COMPARTIDO

Dioivo

2016

Dioivo nace hai un ano a raíz da nosa participación no concurso local Musicando a Rosalía, para o cal compuxemos a música para o poema Sempre pola norte esperas da famosa poetisa galega. Desde entón, deixamos o noso anterior grupo, Rust In Peace, coa idea de continuar co proxecto de maneira máis seria e comezamos a dar os nosos primeiros concertos en directo, a gravar en estudo o noso homónimo e primeiro EP (o cal presentamos en novembro do 2016) e mesmo volvemos pasar por un concurso, neste caso o Xuventude Crea, no cal acadamos o segundo premio compartido. Actualmente, estamos centrados en rematar o noso traballo en formato físico, presentalo en futuros concertos e na gravación de novo material.

"Cegos" / "Nunca más"





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- Até o momento non quixemos pisar ningún escenario xa que estamos a traballar no noso primeiro álbum, os seus correspondentes videoclips, e queremos saír á luz cun bo traballo baixo o brazo.

2º PREMIO COMPARTIDO

SKYFLY

xaneiro 2016

En realidade, o proxecto leva xestándose desde bastante tempo, lamentablemente, a día de hoxe tivemos dificultades para poder contar con músicos que teñan as habilidades necesarias para interpretar as nosas composicións. Non nos consideramos unha banda cun estilo pouco convencional, mais si que somos distintos ao que actualmente na escena, ou polo menos iso é o que queremos deixar plasmado.

A banda está composta por un batería, un baixista, dous guitarristas e un vocalista principal. Facemos unha mestura de metalcore, con modern metal e un petisco de djent. Caracterízanos o uso das 7 cordas e afinacións pesadas.

Actualmente estamos a pechar o proceso compositivo e de gravación para pornos ao choio con todo o tema audiovisual e así pisar un escenario dunha maneira moi distinta a como o fan moitos grupos actuais.

"Sailors" / "Decembro"





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 05/10/2014. Actuación na final do Xuventude Crea. Sala Capitol. Santiago de Compostela.
- 12/10/2015. Actuación na final do Xuventude Crea. Pub Sónar. Santiago de Compostela.
- 30/07/2016. Concerto no VRAO Sons Independentes. Escenario ZC, Cenima. Foz.
- 04/08/2016. Concerto no Festival Noroeste Estrella Galicia. Praza de San Nicolás A Coruña.
- 27/08/2016. Actuación no Atardecer no Gaiás. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.
- 30/08/2016. Concerto no X Festival Solidario Coruña En Directo. Sala O Túnel. A Coruña.
- 18/10/2016. Actuación na final do Xuventude Crea. Factory Room. Melide.

3º PREMIO COMPARTIDO

Fripp & Kitte

2014

Tras uns anos de percorridos musicais moi dispares por separado, en 2014 os dous integrantes do grupo acordamos poñer en conxunto as nosas voces para crear Fripp & Kitte; formación á que achegamos influencias que abranguen desde o pop-rock ou o folk ata o country, o blues ou o soul. O noso repertorio inclúe cancións en galego e en inglés nas que abundan os sons americanos e nas que desenvolvemos unha variedade de instrumentos para atopar unha textura propia para cada tema.

“Cinza” / “So they say”





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 21.01.2017 Madrid, 10 Club.
- 15.01.2017 A Coruña, La Granera.
- 09.12.2016 Betanzos, Café Lanzós.
- 17.11.2016 A Coruña, Baba Bar.
- 10.11.2016 A Coruña, Pato Mareado.
- 22.10.2016 A Coruña, Tío Ovidio.
- 08.10.2016 Barcelona, XXIII Guitarras.
- 07.10.2016 Barcelona, L'Astrolabi.
- 19.08.2016 Betanzos, Festival Brigamusic.
- 30.07.2016 Nigrán, Festival músicas do mundo Praia das Américas.
- 24.07.2016 Madrid, Fulanita de tal.
- 22.07.2016 Praga, Rep.Checa, Baryton.
- 21.07.2016 Praga, Rep.Checa, JammClub.
- 15.07.2016 Praga, Rep.Checa, Muddum.
- 02.06.2016 A Coruña, El techito.
- 27.05.2016 Arteixo, A Coruña, Melandrainas.
- 17.05.2016 A Coruña, Garufa Club.
- 06.05.2016 A Coruña, Baba Bar (con Luis Moro e César de Centi).
- 26.04.2016 A Coruña, Periscope (con César de Centi).
- 17.04.2016 Vigo, Sala Radar (con Mabu).
- 01.04.2016 A Coruña, Auditorio Fundación Rodríguez Iglesias.
- 18.12.2015 Praga, Rep.Checa.
- 5.12.2015 Brno, Rep.Checa.
- 29.11.2015 Amsterdam.
- 20.11.2015 Berlin, Alemania.
- 3.11.2015 Viena, Austria.

3º PREMIO COMPARTIDO

LUGA

27/02/2015

Nacín en 1993 en Bos Aires, Arxentina, cidade que me brindou os meus primeiros acordes. Subo por primeira vez como solista aos escenarios coruñeses en 2015. Pertencín á Asociación Galega de Cantautores Viernes de Cantautar ata a súa disolución en 2016. No verán de 2015 autoeditei o meu primeiro traballo Algo que Buscar. Presentei as súas cancións de setembro a decembro de 2015 en 24 escenarios centroeu-ropesos incluíndo o showcase da Womex de Budapest. A presentación na Coruña foi levada a cabo en abril de 2016 contando coas colaboracións de Fito Mansilla, Silvia Penide, César de Centi, Deibes y Robert Pier. Compartín escenario có grupo Mäbu e formei parte do festival Brigamusic e Músicas do Mundo. Fun finalista no concurso do Festival da Luz e resultei premiado no certame Xuventude Crea 2016 na categoría de música coas miñas cancións Reencontro e Calle Soledad. Algo que buscar continuará viaxando por distintos puntos de España este 2017 coa idea de bañar coa súa esencia cada cidade.

“Calle Soledad” / “Reencuentro”



MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016

ESPECIALIDADE DE POESÍA

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Guadalupe Gómez Arto
Xosé Luna Sanmartín
Luis González Tosar
Victor Manuel Furelos Guillén

SECRETARIA:

Pilar Tamerón Montesinos



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2012, USC. Santiago de Compostela. Licenciada en Filoloxía Galega.
- 2008-2013, USC. Santiago de Compostela. Licenciada en Filoloxía Portuguesa.
- 2008-2014, USC. Santiago de Compostela. Licenciada en Filoloxía Románica.
- 2012-2013, USC. Santiago de Compostela. Mestrado Universitario en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2011-2012. Bolseira do Servizo de Normalización Lingüística da USC. Santiago de Compostela.
- 2013-2013. Bolseira do Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela.
- 2013-2014. Bolseira predoutoral da Xunta de Galicia.
- 2014-actual. Bolseira predoutoral FPU do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

1º PREMIO

Alba Cid

Ourense. Coincidiu coa queima das “madamitas” no parque San Lázaro, seguro que había rosquillas e aplausos.

Estudei Filoloxía Galega na USC, e no segundo ano decidín cursar tamén Portuguesa e Románica. Cuestión de liñas e raíces de palabras. Fun bolseira do Servizo de Normalización Lingüística da USC case dous anos. Gañei diversos premios de relato e poesía, como o 43º Concurso de Redacción Coca-Cola (2003), o Minerva (2007), o Ourense de Contos (2010) ou o Xuventude Crea (2013, 2016); e participei nos libros *Poética da casa* (2006), *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (2015), *Librosconversos* (2016) e *No seu despreñar* (2016). Tamén publiquei creación e artigos en revistas coma *Grial*, *Luzes* ou *Dorna*, de cuxo consello de redacción formo parte.

Agora escribo unha tese. Debuxo, fago fotos e planeo viaxes. Achégome ás cousas para que o ruído retroceda.

www.instagram.com/ollobasilisco

mata mua (érase unha vez) dous mapas

cartas de navegación polinesias

nalgures alguén viaxa furiosamente cara a ti
a unha velocidade impensábel, non o sentes? mira, viaxa día e noite
cruzando treboadas de neve, a calor de mil Limias, saltos de auga, canóns
pero saberá onde atoparte?
poderá recoñecerte cando te vexa
e darche o que trae para ti?

de mans dadas con John Ashbery,
“At North Farm”

i.

o tempo dispón os corpos
cando aprenderemos que todas as cousas se desprazan?
as dunas e as algas, a adoración entre iguais,
os continentes en cada *journey-work of the stars*.

fóra do noso campo visual
—en completo silencio—
fúndanse illas coralíferas.

ii.

o navegante é capaz de calibrar as correntes do océano corpo adentro
apenas un tremor na raíz da espiña dorsal
o aceno dun misto cando prende
o navegante pode dobrarse na proa da súa canoa e apreciar, corpo a corpo, as vibracións
do navío
coa mesma sutileza —*tap tap*— dos dedos sobre un ábaco.


iii.

é esta arte un modo de transmitir un saber
ou de ocultalo?

en terra firme,
as mans dos mariños polinesios confeccionan cartas de navegación,
tramas

escollen fitas de coco e nervaduras de plantas a modo de correntes mariñas,
moedas e cunchas a modo de illas
fíos, coral
—os arrecifes non figuran—

da súa habilidade resulta
algo que só pode lerse co tacto,
e que só interpretará correctamente quen creou.



iv.

así a nosa comprensión dos afectos:
a ilexibilidade, a dependencia do tacto, o tecido

unha ruta da seda
que coñece
a verdadeira violencia do que se dá por sentado

(non adoitaban embarcar as cartas de navegación

iso quere dicir:

isto é meu, todo canto sei,

non deixarei que humedezza ou rompa,

coa primeira e a última luz de sándalo insular, en soidade, cadaquén memoriza o seu
mapa coas xemas dos dedos)


v.

wappepe, rebbelib ou meddo.

tres xeitos de mapear o océano.

(a carta que me ensinaches pertencía ao terceiro tipo, e imitaba á perfección o perfil

dereito de Nefertiti. desde o atol Aur, que coincide co extremo superior da súa coroa lapislázuli, até a meridional Namorik, na baixada do ombreiro. incluso o Uraeus, a cobra sobre a diadema, parece representada)



vi.

coma os mariños das Marshall Islands,
os namorados déitanse boca abaixo e espreitan as correntes subxacentes ao seu propio
corpo-barca
o percutir das sementes terra adentro
sinfonías débiles, trucos de maxia

pretenden anticiparse á refracción das ondas, calcular o embate

para iso elaboran *meddos* íntimos,
marañas de cabelos e apuntamentos referidos a unha viaxe específica
o modo no que as ondas abrazan certa illa e interseccionan con correntes veciñas,
o pálpito que cifra a que distancia pode esa illa ser detectada.

fôra do seu campo visual

—en completo silencio—
aneis,
innúmeros atois emerxen.

mapas de óso inuit

practicamente nada medra aquí,
aínda que os alpendres rebenten de fariña milla,
sacos de fariña milla apilados ata as vigas.
os cursos de auga flúen docemente, cebando os peixes;
os nosos paxaros escurecen o ceo. *dime, é suficiente*
preparar un pratiño de leite polas noites,
que pensemos nel por veces,
por veces e sempre, con sentimentos confusos?

i.

que había na estampa?

branco e as rodeiras dun vehículo esbozando un alfabeto indescifrabel

podías distinguir tonalidades?

difícilmente, supoño que a mirada necesita afacerse. percibías, iso si, un estraño
comportamento opalino, coma se a luz puidese devolver tintes cambiantes, linguas de
cor, espazos en sombra.

que aprendiches da neve?

a permanencia.

ii.

un cazador inuit cruza a pantalla de punta a punta.

parece absorto e comedido nos xestos,

pero se retirase a luva esquerda

e abrise a man

descubrirías un pauciño de óso completamente tallado.

os seus perfís imitan os da liña da costa,

de modo que, ao navegar un kayak no púrpura intenso do inverno

baste con deslizar un dedo ao longo do obxecto

coma quen fai un papiro do océano

o cáliz dunha flor

que flota se cae á auga,

e só pode lerse co tacto,

e só interpretará correctamente quen creou.

de mans dadas con John Ashbery,
“At North Farm”



Alba Cid

mata mua (érase unha vez) dous mapas

iii.

no horizonte, un xigante formado por pedras superpostas
recorda levemente a Orión, unha silueta humana

o cámara achégase ao cazador,
que sorrí ao divisar un inukshuk
porque a estatua significa:
vas ben, alguén pasou antes por aquí, atoparás peixe cerca.

os símbolos traballan o seu propio desxeo.



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2002-2004. I.E.S “A Xunqueira” Pontevedra. Bacharelato en Artes.
- 2004-2015. E.S.A.D. de Asturias, Xixón. 2006/2011 E.S.A.D de Galicia 2011/2012 E.S.M.A.E. Porto. Estudos de dirección de escena e dramaturxia.
- 2013-2015. Curso de Cerámica Artística. E.M.A.O de Vigo.
- 2014-2015. E.S.A.D. de Galicia. Licenciado en dirección de escena e dramaturxia.
- 2015. Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico. Cursos de mariñeiro pescador

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Mariñeiro-mariscador desde embarcación na ría de Vigo. Desde agosto de 2006 ata a actualidade.
- Técnico e deseñador de iluminación. Espectáculo en Caravana do trío Roxina. (Bretaña, Francia 2015/ 2016)
- Axudante de dirección. Eme2 Emoción & Arte.
- Vendimador. Empresa: Guy Trichard, Beajeu (Francia- 2014)
- Monitor musicoterapia. 2011-2013.
- Actor espectáculo infantil. 10/2010-12/2010. Xerpo Cultural.
- Actor no espectáculo “Comando Antibiótico” en colexios e escolas.
- Profesor de teatro escolas de primaria. 2009- 2011. Imaxina, servizos educativos e de ocio.

2º PREMIO

Carlos Alberto Vidal Puga

Arcade

Nacín á beira da ponte romana que une Arcade con Sampaio, no camiño portugués a Compostela. Lembro, cando aquilo só era o camiño dunha aldea, miña nai a chamar por min desde a fiestra, mentres ía atrás dun balón ou andaba subido ás árbores e muros. Tamén as gasosas que me daba miña avoa. Lembro pinceis, cores e acuarelas a estenderse no tecido, ver aparecer realidades poéticas, plasmadas por meu pai nos seus cadros. Logo veu Pontevedra e o bacharelato de artes.

Tocando a guitarra sen parar. Intereseime pola música, a pintura, a escultura, o teatro. E apostei por isto último. Xixón, Vigo, Porto, sempre (ou case) á beira do Atlántico. Percorrín Francia de sur a norte e rematei na Bretaña, onde participei na creación da iluminación dun pequeno espectáculo. Volvín ao meu mar de orixe, o que me inspira e agora navego a ría e deseño novos proxectos.

Muiñada electro-acústica

Unha noite no muiño, unha noite non é nada// Unha semana enteira, esa si que é muiñada.

Viaxamos vixiantes
da realidade arrastrada no carro.
Percorrer camiños de mundos antigos,
escalar penas,
atravesar os valados da saudade
e na viaxe
esnaquizar o esquema das rimas.

Ficamos atrapadas nunha burbulla de luz
co arco da vella que enmarca o ceo desta lírica aleatoria
no corpo cósmico das palabras
onde penduran os astros
a deter as gotas soleadas
da luz lunática que descende a pel dun mol tácito.

Percíbese
a quentura morna
do formar e ser parte
de todo o que nos condesa
Logo co tempo
inféctanse os afectos
e acontece que esquecemos a acción.

Somos
pó para barrer,
a civilización feita cinza inevitable
as verbas do esconxuro xa engulidas
polo cemento das metrópoles.
Somo barridas
desposuídas
orfas de vida natural
infectadas na cultura
e arrastradas por unha corrente hipócrita
come e cala

o río a tirar millas.

Namoremos
descubramos cadanseu heterónimo,
a rítmica do movemento,
base do latexo melódico,
o mar.
O mar tamén quere estar escrito
neste desquiciado intento
de querer salvar o mundo
o mar a doer
coa ferida aberta
sobre os corpos salgados
e cincenta
zapatea os seus zapatos
e ficamos atrapalladas nos espellos.
Cristais que se rompen
e se recompoñen
e se rompen
quixemos acudir as musas e sentimos
sobre nós o ruxe ruxe das formigas
de facer atención
ficaríamos a ollar os caracois do tempo, mais
ninguén formula a pregunta imprescindible

que está no vento.

Dentro do meu peito teño, dúas escamas dun peixe /Unha dime que te ame, a outra dime que te deixe.

As bágoas da chuva percorren o cristal
e ollas a realidade a través dese filtro de melancolía.
O motor impulsa a pluma
e enche o baleiro ca tinta do verso.

Agua que no has de beber, dejala.

Quero té con menta a ler rimas de barro.
a carón do lume, decembros e ladridos.
Como non consigo penso
naquel filme do que ninguén lembra o nome,
naquela estrela que nunca ninguén ollou aínda.

Debaixo do loureiro non se pode namorare // ten a folla moi miuda i entra a luz do luare

A guerra navega os canais dos meus brazos
ante o morno contacto co plástico
dun corpo cheo de malezas.

Costureiriña bonita, dame unha agulla de prata// para tirar esta espiña, do corazón que me mata.

Esa noite, sensual viravolta
descrita como se nada acontecera
cosida con palabras ao poema,
chea de ocos e lonxanas melodías:
chocolate, beizos, pandeiretas.

Esta vai por despedida, esta vai por derradeira// acabouse o chiculture, rompeu a chicultureira

Un campo de nubes
estigma da razón e corazón do tenro,
a chuvia do verán
a regar as raíces do tempo.

sinto as matemáticas notas
e as súas (i)lógicas trampas melódicas:
un máis un, son dous?
soa o son dos trebóns,
e somos so nós e o lóstrego.
Coas palabras nas pálpebras
afasto de min todo laio.

Todo o tempo flota na inmensidade,
pendurado na árbore das idades.
E nós a darlle vida ao lume nese ar,
facendo música co silencio a se queimar.

Na ateigada rúa dos marmurios
a xente camiña sen desnudo
e as lousas do chan graban
os pasos nunha lingua grotesca,
onde palabras espidas rozan ás almas

cheas de tinta.



////////////////////
FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2016. Gradueime en Odontoloxía pola USC.

3º PREMIO

Jesús Castro Yáñez

A Pastoriza, Lugo

Na actualidade traballo como dentista a carón do mar e saco menos tempo do que me gustaría para ler e pasear, que ao fin e ao cabo, son dúas formas de facer o mesmo, de preguntar algo.

Como poeta, comecei publicando na rede e máis tarde en revistas (Dorna) ou libros colectivos (Obituario). No 2015 gañei o I Premio de Relato Breve Nélida Piñón con *O vello e o minotauro*, e o XXVIII Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé co libro *Os nomes e os himnos* (Espiral Maior). Recentemente aparecín antologado no volume colectivo *No seu despregar*, editado por Apiario.

Amarelo de ultramar

[Escribir texto]

I

*(Falarei da chuvia, pois tamén niso consiste que chova.
Virán as palabras por un empedrado mollado en escamas
a tentarme con ordinarias vontades de arquetipos,
para que nalgún abrigado soportal da memoria
con emendas propicias ou épica doméstica eu as escriba.)*

A chuvia é dunha cor que só se pode ver cando escampa.
Agardo a que suceda, como esperando algo que me prometa que vou poder esperar
sempre por ese algo. Que non se cumprirá.
Hai tristeza no posible.
Algo coma o que precisa dicir a chuvia,
e queda escrito no momento que deixa de chover e só todos os demais podemos
velo.
Para ela xa é tarde. Pero non desespera porque
sabe que iso é o único que lle permite seguir sendo.
Só o que xa acabou pode ser perfecto.
Non mo digas para que non se me esqueza.
Hai cousas aínda por facer,
hai cores imposibles, promesas perfectas.
Queda certo consolo na tristeza.

II

Que complicado
querer ser unha canción simple
e non facer do silencio
 inimigo ao que aprender a admirar
nin das nosas voces
talismán tranquilo para pousar
na soleira
dun cuarto no que persiste o olor
familiar dos totais descoñecidos.
 [fóra
 [nubes veloces advertencias

Non ten sentido
falar da nosa voz en singular,
non ten un centro este cuarto.
Pasamos moito tempo
acaroados ás ventás porque é importante
ver que un cristal
 abre a tarde en dous
coma un pexego

e preferimos iso que está roto
porque sabe estar máis aberto.

[nos nosos ollos
[unha carabuña
[na soleira

É importante ver que un cristal
poida crer a súa propia mentira, cantar
unha canción simple
 na que a paisaxe
admita que non vale nada
e sexa á fin libre.
Dentro do cuarto
 a cadeira as baldas a lámpada
concretas van estarricando enteiras
as súas sombras.

A noite, coma calquera mapa,
falará do que falta

[o tacto existe
[onde
[existe a vulnerabilidade

e cando nos deitemos cada un
na súa cama
 tras apagar a luz
tódalas cousas se farán reais
é dicir
tódalas cousas semellarán
necesarias por un intre.

III

Abril no seu sitio,
bordados de ouro.

Recordo o teu chuvasqueiro amarelo
dunha cor que non sabe xa non ser, e

cando recordo
podo bailar
sen me mover.

*(Reunímonos porque chove.
Tamén niso consiste a chuvia.
En agardar, mentres secamos un na compañía do outro,
e saber que o que somos é roupa tendida á calor
do que xa temos sido.)*

MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016

ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Elena Gallego Abad
María dos Anxos Sumai García
Armando Requeixo Cuba
Francisco José Castro Veloso
Mario Caneiro Ameneiros

SECRETARIA:

Ángela Fernández Rey



////////////////////
FORMACIÓN ACADÉMICA

- 1998-2007, 2007-2013: CEIP Eusebio da Guarda, IES Eusebio da Guarda.
- 2003-2013: Conservatorio Profesional de Música da Coruña, con especialidade en frauta traveseira.
- 2013-actual: USC, Grao en Lingua e Literatura Españolas.
- 2015-actual: Escola de Interpretación da USC.

1º PREMIO

María Alonso Espasandín

A Coruña, 1995

Non sei cando comecei a escribir, pero estou segura de que foi con lapis. Algúns dos meus contos foron recoñecidos en certames como o Rita Suárez Amado ou o Certame Literario de Cambre.

A descoñecida

Lembrar non é revivir.

Esta conclusión tan amarga merece e necesita unha xustificación. Podería falar da linguaxe como mecanismo de evocación do vivido, do relato como intento esperanzador de supervivencia. Pero tamén podería insistir en que a memoria é un camiño retorto, que as cousas nunca se lembran tal e como foron e que a miúdo as lembranzas están estratificadas unhas enriba doutras, de maneira que o que se lembra non é a vivencia senón un recordo anterior, modificado polo coñecemento actual do mundo.

Pero a miña conclusión é moito máis sinxela, e, como adoitan ser todas as cousas simples, pouco tranquilizadora.

Lembrar non é revivir, porque o recordo non está vivo. Non respira diante de nós.

Por iso, eu podo reproducir cantas veces queira aquel día, pero non conseguirei nada máis que falar ao baleiro. Se falo é porque o relato, aínda inexacto, é unha herdanza necesaria para os seres que funcionamos co corazón.

A miña cabeza volveu e volveu a esa lembranza, anoándoa e afogándoa cada vez máis, reinterpretada e analizada en frío algunhas veces, acendidamente outras, inconscientemente a maioría. O recordo nunca estratificou, continuou a ser terra nutritiva e fértil, e eu seguín alimentándome del e gravando as miñas raíces. Agora chega o momento de espilo, de deixalo claro, todo o limpo posible, deixalo agromar á superficie no seu estadio primitivo.

Non sei se serei quen de conseguilo.

Tiña trece anos e a miña nai conducíame polo verde, un verde ao que agora sei poñerlle nome. Alí, entón, era só verde. Herbas, árbores, pedras, algún animal. Nin máis nin menos.

Miña nai insistía na importancia do silencio. Eu ía ben advertida de estar calada cando ocorrese. Os membros do equipo camiñaban verdes e calados, como árbores, uns detrás doutros, facendo só o ruído rítmico do ruxerruxe das teas pardas, estraños cazadores de loito. Xa daquela, mentres camiñabamos en fila, a miña cabeza deu por asociar a nosa imaxe coa dunha fila de eirugas procesionarias, brandas e urticantes, cruzando o monte.

Eu, como calquera individuo inqueda de trece anos, parecíame a todo menos aos da miña especie, rexeitaba a miña condición de humana ou de eiruga procesionaria e entregábame aos gritos dos corvos, aos grilos, ao crebar das ramas das árbores, a todo o que fixera ruído, sen importarme o nome en latín e cursiva, sen coñecer a palabra taxonomía. O pracer de identificar veu pouco tempo máis tarde, tamén da man da miña nai, que me aprendeu os nomes de todo o que puido, o que me rentou algunha sorpresa dos meus compañeiros da facultade de bioloxía, abraiaidos pola miña memoria (herdada, supoño) para clasificar as vidas. Pero iso foi máis tarde. No momento, tiña trece anos, a vida era toda vida e a curiosidade científica non importaba demasiado.

Camiñabamos, eu e mais as eirugas procesionarias. O meu corpo estaba raro, estaba triste e estaba rabioso, e aínda non sabía por que. Saberíao á mañá seguinte, ao cambiarme de roupa interior. Nese estado de rebelión inconsciente, volvínxo fixarme na cara dos membros do equipo, esas caras de lepidóptero, de eiruga, de ollos falsos pintados na pel para parecer un perigo. Seguían os pasos do compañeiro de diante, nunha fila que nin sequera estaba ben feita, liderados pola miña nai. “Coma ovellas”, pensei con desprezo adolescente. Eu tamén ía detrás. A miña rebeldía non deu moito de si, pero conseguín adiantarme e colocarme a carón da miña nai.

Non me mirou, aínda que soubo enseguida que eu estaba alí.

Miña nai levaba o peso do corpo no peito, e por iso non se desequilibraba. Camiñaba dereita como unha garza, co pescozo tremente e a ollada profunda. Non me parecía a ela. Daquela a min pesábame a cabeza como un fardo e o meu andar era lombán, pouco elegante, buscando sempre o chan como unha toupa. Pero o peito era lixeiro e inqueda como unha aveláña de especie aínda por determinar.

Miña nai miroume cos seus ollos de garza, directamente á aveláña, e espetoume:

–Estás medrando –. Mantívenme en silencio. Sabía que a súa observación non fixera máis que comezar, e que necesitaba tempo. Pensei na maneira tan rara de expresarse que tiña ela, sen atopar nunca as palabras apropiadas, acudindo a espazos profundos da súa mente, tobeiras cavadas mediante o estudo e a reflexión en solitario, na que se ocultaban as palabras e as ideas, como animalíños que non queren ser descubertos e non se deixan ver. –Todos somos iguais, daste conta, verdade? –continuou, por fin, mirando ás súas compañeiras procesionarias–. Agora mesmo estamos aquí un bo feixe de individuos da mesma especie –o seu xeito de falar facía que o que estaba a dicir, evidente e case estúpido, cobrase un estrañamento –. E aquí estamos todos, somos compañeiros. E, fíxate, é curioso o que ocorre cos que parecen dos nosos. Todos aquí fomos paridos por alguén. Eu parinte a ti, e ti, se queres, poderás parir a outra... e se non queres non... e de todas maneiras sempre habería alguén facendo xente nova... xente nova. E como somos todos así, uns saídos dos outros, é máis fácil dicir que eu son igual ca ti que dicir que son igual que un verme, non si? –aínda que nunca terminaba de fiar os seus discursos, eu decidín pensar que tiña razón, e, ao meu pesar, deixei de verlles cara de eiruga aos compañeiros da miña nai, e toquei a miña cara e coincidía coas súas, ollos, boca, nariz, cellas, todo demostraba que eu tamén era igual a eles.

–Por que choras, mamá? –pregunteille, decatándome dun pequeno regueiro que lle baixaba ata a boca. Ao principio parecérame unha gota de suor, pero a súa expresión, demasiado neutra para ser a da miña nai, informoume de que había algo que non estaba ben.

–Non sei, filla –sorriu. Tiña un abano de emocións que non coñecín en ninguén máis. A convivencia con outros seres déralle unha empatía máis fonda ca a da calquera persoa que só se comunicase cos da súa especie, e, por conseguinte, unha soidade de estranxeira que ás veces medraba imperceptible e paseniño como unha enredadeira e terminaba por abrazala toda, nutríndose do mesmo chan ca ela e tapándolle o sol coas súas follas–. É que todo... é todo novo baixo o sol, entendes? non é xusto.

–Non é xusto? –sempre remataba por perderme entre a hedra que medrara dentro da miña nai. Os seus pensamentos estaban retortos.

–O que vas ver agora non é xusto. Por iso tes que lembrarte moi ben de todo –polos seus ollos pasou unha sombra que daquela me resultou descoñecida. Despois dunha pausa longa, non sei se froito da indecisión ou da busca das palabras que tanto lle fuxían, inspirou fondo e continuou–. Ao principio non sabía se traerte comigo. Non sabía se quería implicarte, entendes? Levamos moito tempo facendo todo o posible por salvarlos, e traerte aquí significa... –non rematou a frase, pero a derrota fíxose patente nos seus acenos, na ollada que dedicou ás súas propias mans, unhas mans forxadas na habilidade e delicadeza do laboratorio e na forza e protección do coido–. Quero que a vexas, porque é a última. Cando morra, acabouse. Pero quero que ti non o sexas. Unha vez esteas con ela, levarala contigo sempre. Se queres facelo–. Eu asentín.

Miña nai deu unha orde. A súa autoridade, pensei, non era nada animal. Daba ordes de persoa, cunha voz despersonalizada, neutra. Miña nai foi menos ela que nunca. Os compañeiros mirárona, asentiron e comezaron a retirarse.

Entón miroume, coa súa ollada fonda e nítida. Non era unha ollada de paxaro, nin de eiruga, nin de cazador, nin de mansedume. Era outra cousa. Aínda non sabía de que era esa ollada. Deixei-me guiar entre o verde. A súa man sinaloume, cun xesto lento, discreto, o lugar ao que debía asomarme.

Non sei se a miña imaxe se corresponde coa realidade ou se é un produto edulcorado da miña imaxinación adolescente.

Estaba deitada entre os fentos, silenciosa, soa. Achegueime paseniño e observei a subida e baixada, moi lene, das súas costas. E os ollos, cunhas pupilas tan diferentes ás miñas. Non me miraba.

Nos relatos de cazadores adoita comentarse como o bosque parece quedar á espreita, nun silencio case insoportable, cando algo está a piques de suceder. Cando eu rebentei por dentro non calou ningún paxaro nin as follas das árbores deixaron de tremer. Pero eu non fun quen de oír fóra da miña propia cabeza. No momento rexeitei todo, á miña nai, aos meus compañeiros, a min, ao animal tirado no chan. O feito de tomar aquel momento como un fenómeno científico a documentar produciume un noxo profundo. Pero traguei con todo e busquei de novo os ollos do animal, que non me devolveron a mirada. Pensei na miña nai, en como falara dos seus. Recoñecemos aos nosos ao ollarnos os uns aos outros. Eramos bandadas, rabaños, bancos de peixes, filas de eirugas. Xuntos.

Pero cando a ollada animal, tan limpa, non se dirixiu a min, recoñecina. Ou crin recoñecela. Miña nai falárame profusamente dos animais que foran o centro da súa investigación e do seu programa de preservación. A especie do ser que estaba deitado fronte a min non facía vida en comunidade. Eu, alí, mesturando empatía e incompreensión, era unha estraña, unha descoñecida. Sóubenme estranxeira.

Pero, con todo, había algo que nos unía. As dúas eramos as últimas. As dúas (e isto comprendino moito, moitísimo tempo despois) miramos de fronte á soidade. Pero eran soidades distintas. Por primeira vez pensei na diferenza entre un animal calado e un animal en silencio. Cada unha das dúas representabamos aquelas dúas caras: eu, mordéndome os beizos para non chorar; ela, co peito que subía e baixaba, indiferente á miña presenza. Sabiamente soa.

Erguinme moi quedo para non asustala, e sorteei raíces e ramas secas para non facer ningún ruído. Non tiña dereito a roubarlle os últimos momentos consigo mesma. A miña misión alí, unha misión fundamentada na impotencia, na memoria e na beleza, xa estaba cumprida: levábaa dentro. Non era un recordo consolador, pero era necesario.

Deixei-na morrer soa, consciente de que ningún ollo volvería ver xamais un animal así.

Agora, cando penso naquela ollada de animal solitario, doume conta de que era igual que a que atopaba na miña nai algunhas veces, cando non miraba a ninguén. Estranxeira. Antes adoitaba pensar que esta comparación era froito da mestura ilusoria á que se ven sometidos os recordos. Pero sigo tendo unha avelaíña dentro, que se remove e nunca está calada, e cumpre sempre a función que me encomendara miña nai: levar todo dentro. Así, aquela ollada é a que, desde aquel día, me parece ventar de esguello cando non miro directamente ao meu reflexo, fuxindo cando os meus ollos se cravan nos ollos reflectidos. Como un animal descoñecido, silencioso e sabio, que non quere ser atopado.



////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2007-2009. IES Daviña Rey. Monforte de Lemos. Técnico en saúde ambiental.
- 2009-2013. USC. Santiago de Compostela. Grao en Bioloxía.
- 2013-2015. USC. Santiago de Compostela. Mestrado en Enxeñaría ambiental.

////////////////////

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2008-2011; 2015-2016. Varios. Empresa Pública SEAGA.

2º PREMIO

Adrián Casanova Chiclana

Monforte de Lemos

Son unha persoa amante da natureza, do mundo no cal vivo. Isto marcou e marca bastante a miña experiencia profesional como académica. Son unha persoa inqueda que lle gusta participar na organización de diferentes actividades culturais (proxeccións, festivais musicais, actividades literarias, xornadas de xogos de mesa, roteiros de sendeirismo, etc.) atopándome desde hai 5 anos na Asociación Cultural Náufragos do Paradiso cuxo centro de actividade está na Ribeira Sacra. Paréceme que a prosa e especialmente a poesía son a plasmación da imaxinación e unha aproximación á musicalidade empregando soamente a voz da nosa lectura silenciosa.

Estrelada

O finito no infinito

Ollos escrutaron a bóveda celeste,
Betelgeuse suspiraba nos ceos,
a Lúa amodo pestanexaba,
a súa respiración aceleraba,
aire, subdución nos seos.



O tempo pasa,
permanece o momento,
o vento navega na Terra,
mecendo o cabelo da nena
que namorou do firmamento.

Ingrávida. Volves sentir os dedos dos pés, tremen as túas mans. Ingrávida, moves os brazos, encolles as túas pernas. Abres os ollos e contemplas a fumegante nave, Thule-60, que caerá sobre Calisto en cuestión de horas. escoitas o berro silencioso do teu compañeiro de tripulación. Estupefacción.

Non mandaron dous robots, mandaron dous seres humanos. Humanos, capaces de descubrir o que non lles mandaron buscar. Humanos, capaces de responder a continxencias, capaces de sentir mellor que nada a viabilidade de tan ambicioso proxecto, sentila nas súas trémulas carnes. O teu escafandro atópase intacto e o teu corpo tamén, lograches saír a tempo. Miras en tódalas direccións buscando unha saída, non obstante hai varias gaiolas: o escafandro é unha, mantente con vida; o inmenso cosmos é outra, coas súas distancias inconmensurables. Atópaste a máis de 628 millóns de quilómetros da túa casa, ou o que é o mesmo, pero máis abreviado, atópaste a máis de 4 Unidades Astronómicas. Intervalo espacial inabarcable para a limitada mente humana.

Silencio, dúas bágoas percorren as túas pálidas meixelas. Atópaste diante do satélite Calisto, telo tan cerca, contéplalo tan ben...os seus cráteres, a súa primixenia rocha, a xeadada eterna, a súa cor pardenta. Tes a impresión de poder abrazalo coos teus diminutos brazos. Fai 4 séculos Galileo Galilei descubriu 4 puntinhos que orbitaban arredor de Xúpiter e emocionárase ao decatarse de que existían máis satélites que a Lúa. Case o poderías tocar, case. E Xúpiter, o planeta coloso do Sistema Solar, tan grande coma 1300 Terras. Tan diferente, gasoso, coas súas tonalidades alaranxadas. Mírao fixamente. Xúpiter puido ser unha estrela, a segunda do Sistema Solar. Faltoulle masa e teríase detonado unha reacción de fusión, a enerxía das estrelas, acadada mais aínda non gobernada polo ser humano. Marabillaste durante un instante infinito.

O tempo pasa e a inacción goberna. O tempo mídese en segundos, non obstante o teu mídese en osíxeno. Preparáste para abrir o escafandro e que a túa cabeza se enfrente directamente ao espazo infinito nunha inmolación froito do desacougo e da desesperación. Dubidas, deteste, as lembranzas comezan a ferver na túa cabeza cun fervor volcánico. Desacougo, desesperación, derrota...lembras a Lázaro.

LÁZARO

Entrar naquela habitación de hospital tinguida coas cálidas cores do luscofusco, en contraste co frío que transmitían as paredes e o chan dun branco moribundo, supoñía un esforzo sobrehumano. A forza da gravidade é a mesma, é unha constante, así é todo, custábache cada vez máis avanzar. O corazón quería romper coa gaiola que o apresaba, intensificándose a súa forza con cada paso. O corazón forma parte de ti, mais semellaba un *Alien* que quería ceibarse da súa casca. Había dúas camas e unha estaba baleira. Na outra, dourada polo Sol, atopábase o teu pai. Naquel intre tiñas unha paleta de sentimentos tan variados

coma cores ten o arco da vella, tras unha choiva de bágoas. El loitaba contra a morte, loitaba contra si mesmo, loitaba contra un exército celular que se multiplicaba e se dividía á par que se expandía por cada currunchito do seu corpo. O seu cabelo, outrora fora louro, xa non existía. Consumido, as sabas cada vez pesábanlle máis. Grampar o teu sorriso e falar de temas cotiás como a comida do hospital, a beleza da enfermeira e do enfermeiro, o tempo meteorolóxico (xamais doutro tempo). Chegara o momento, guías paseniamente a súa man ao teu ventre e musitas:

–En 6 meses terás un novo visitante.

O teu pai pecha os ollos durante un intre para abrilos con forza. Brillan coma dúas supernovas, estreita a túa man cunha forza inaudita nos últimos meses. Vibra de forza. A forza que se afundira mais que non se perdera. A enerxía non se crea nin se destrúe, sinxelamente se transforma. Cos sentimentos quizais pase algo análogo, tódolos seus sentimentos convertéranse en pesimismo até aquel día.

Lázaro viviu anos dabondo para ver ao teu fillo, para levalo ao colexio mentres lle transmitía experiencia macerada en barrica de carballo e para contarlle contos que el mesmo inventaba nos anacos libres que daban as terras. As súas mans xa non podían empuñar unha fouce, mais si un fouciño...namentres a súa imaxinación voaba aínda máis alto e lonxe. Contárase unha vez a túa avoa que toda persoa debe ter descendencia, plantar unha árbore (ou un bosque enteiro) e escribir un libro. Lázaro cumprira coas dúas primeiras premisas *in sensu stricto*. Tamén escribiu, non sobre papel nin dixitalmente. Escribiu en formato neuronal, coa tinta invisible das palabras ditas, no teu fillo.

A través da físgoa da porta do dormitorio de Lois observaches a escena naquela noite de cicloxénese, na cal tremían as persoas e as casas. Alí estaba o teu pai sentado na cama, no escenario, alumado co foco sito na mesa de noite. Sobrepoñéndose coa súa voz aos lóstregos e troncos que cercaban a cidade:

–A follíña de castaño que nacera na agardada primavera tiña medo ás alturas, cunha ridícula vertixe que se manifestaba soamente cando ouveaba o vento. Pasaba o tempo apraciblemente e coñeceu chinchas, xoaniñas, formigas, abellas...e finalmente a unhas espiñentas compañeiras. A súa cor mudou, volvéndose algo crebadiza pero máis bonita, pensaba ela. Un día comezou a ouvea o vento con tanta forza que saíu proxectada, totalmente aterrada. Mais, para a súa sorpresa, decatouse de que podía voar e así viaxar, descubriendo un mundo inmenso que intuía que existía mais aínda non vivira.

–E onde se atopa agora?

–Onte estiven lendo un manual de horticultura no banco do parque, ao carón do teu colexio. Levanteime para saudar a un vello amigo e cando volvíñ atopei pousada unha follíña de castaño. Eu creo que quere aprender a ler.

Os ollos de Lois abríronse de par en par. Lázaro sacou unha follíña avermellada.

–Podes empregala como fita marcadora dos teus contos e cómics favoritos. Así aprenderá a ler e conservarase sen deteriorarse.

Contemplar esta última escena, fai dúas décadas, arrebatouche un fondo sorriso. E hoxe, sendo unha pinga perdida no océano estrelado tamén. A pesares de todo sorrís, porque segues viva.

Como chegaches a percorrer 628 millóns de quilómetros?

ORIXE

Aquela eclipse de Lúa que viviras con sete anos deixárate fondamente impresionada, supuxo un punto de inflexión na túa vida: 28 de setembro do 2015. Lúa vermella, tatuaxe na túa pel. Querías explorar os ceos, descubrir tódolos seus segredos. Cando xa eras unha moza comezaches o dobre grao en Matemáticas e Física, nacente deste xeito un expediente académico que resplandecía con luz propia. Con moita suor, os ceos acádanse voando. Querer ser astronauta, para a sociedade circundante, era un soño de cativa e unha tolemia de muller adulta. Mais ti Eva, avanzaches cara o teu sur, porque non sempre o que procuramos nesta vida se atopa no norte marcado polo compás.

–Siiiiiiiiiiiiiiiiiiii!!!!!!!

Cristina, a compañeira de piso de Eva, saltou do sofá co susto.

–Que pasou!?

–Respondéronme á solicitude. Gustoulles o meu currículo e o expediente!!!!

–Normal! Es unha chapona. Hahahah! Entón?

–Poderei facer a tese doutoral na ESA (*Space for Europe*)!!!!!! *I'm going to England!!*

Cristina achegou un cigarro aos seus rosados beizos, acendeuno cun misto e deulle unha profunda calada. Exhalou un fume que durante un momento lle eclipsou os seus trazos e os seus azulados ollos, cunhas olleiras post-exames a xogo.

–Sabes o que toca?

Eva devolveulle unha mirada intensa.

LONGA NOITE DE FESTA

Soaron as trompetas de saída. Eva e Cristina saíron nunha desas noites que aínda son de día, cando a primavera toca a retirada. Correndo e saltando polas pedras centenarias dunha cidade vella e nova, tranquila e buliciosa, cun equilibrio do seu yin e o seu yang. Atravesaron a muralla invisible para entrar na cidade máxica, iluminada polos ferreños farois, polos escaparates das tendas que atendían aos ríos de visitantes e polos flashes. Co bulicio das baiucas de sempre, dos bares e restaurantes de agora, os concertos nas terrazas, o seu cosmopolitismo, a soprano cos brazos abertos e a gorxa dirixida cara o corazón dos camiñantes que canta sentimentos no arco da Catedral...

–Cantas linguas escoitamos xa?

–Galego, castelán, francés, inglés, alemán, xaponés, italiano, turco e coreano.

–Do sur ou do norte? –preguntoulle Cristina rindo.

–Hai que poñerse ao día en xeopolítica Cris! –respondeulle Eva.

Non quedaron con ninguén en particular, quedaron con todo o mundo, sinxelamente xogaron ao azar. A noite transcorría entre petiscos, cuncas e copas, amenizada por foliadas, conversas orxiásticas, rock bravú...

–Así que che gustaría viaxar ao espazo? –preguntoulle a Eva unha masculina voz, crebada e cheirenta de multitude de bebidas destiladas.

–Sería o máximo. Encantaríame.

–Eu teño un foguete. Hehehe! Gustaríache montar nel?

–Puffffff! Vaite durmir.

Esa voz afastouse para sempre. Que foi do seu dono non se sabe. Mais na multitude non só había xente cantando a todo pulmón, tamén había oídos.

–Cres que pode haber vida preto de nós?

–Que?

–Perdoa, escoitei a túa conversa. Chámome Alexandre –baixou a súa mirada até a súa copa–. Acabo de rematar bioloxía.

–Uh...non sabería dicirche –Eva atopábase desconcertada.

–Lin un libro sobre ese tema: *A procura de vida noutros planetas* de Bruce Jakosky. Pódocho deixar sen fallo. Se hoxe dou chegado a casa, claro.

–Hahahahahah!

Camiñaron de volta non soamente facendo “eses” senón o abecedario enteiro, sentándose no centro do Obradoiro. Mantiveron conversas filosóficas cunha inspiración similar á de poetas e poetisas, pintoras e pintores que alcanzaban o éxtase empregando como catalizador o asente. Inspiración, reacción irreversible, xa que sempre da produto.

–Hoxe pola tardiña, con 10 horas de sono e resaca previas, gustaríache tomar un café?–preguntou Eva.

Alexandre asentiu e dirixíronse a dous puntos cardinais diferentes para descansar respectivamente tras unha longa noite de festa. Mirou atrás e viu no afastarse co seu zombie camiñar. Sorriu. Non o sabía, mais acababa de coñecer ao pai do seu Lois.

THULE

Fai uns 2300 anos, o explorador grego Piteas chegou á autonomeada Thule tras navegar máis de 3000 millas, nunha viaxe épica. Navegou coa súa tripulación sobre a auga, até que esta “desapareceu” sendo cuberta polo xeo e marcando o comezo do regreso.

A misión tiña varios pais e nais: NASA, ESA, *Planetary Resources Inc*, empresas aeronáuticas, empresas farmacéuticas e un longo etcétera. Incluso houbera aportacións económicas a título individual debido á explosiva expectación xerada no planeta. Calisto fora seleccionado para establecer unha base para a exploración do sistema xoviano a curto prazo e a longo prazo a exploración de Titán (satélite de Saturno) e outros puntos distantes do sistema solar. Calisto non presenta actividade tectónica, non existindo polo tanto terremotos nin erupcións volcánicas que puidesen ameazar a incipiente

base espacial. Unha vez construída sería capaz de producir enerxía a partir da escasa radiación solar e producir auga e aire respirable para unha ducia de astronautas. Marte xa tiña unha base estable desde o 2042 e con este paso xigantesco afirmárase a expansión do ser humano polo espazo. Un ser humano procedente dun planeta fundamente contaminado e masificado, con 9000 millóns de habitantes.

As motivacións desta colosal empresa eran varias: estudo da primixenia superficie de Calisto, duns 4000 millóns de anos de antigüidade, para coñecer máis sobre a orixe do sistema solar, da nosa orixe; procura de vida microbiana (no satélite Europa) para un posterior estudo da aplicabilidade; estudo dos recursos minerais e atopar novos materiais nos diferentes satélites e asteroides...

Para salvar as enormes distancias espaciais construíronse dúas naves: Thule-60 e Thule-63. Estas naves presentaban unha tecnoloxía xa completamente desenvolta que levaba sendo investigada desde o comezo do século XXI: A fonte de enerxía sería a fisión de dióxido de uranio e constarían de propulsores magnetoplasmadinámicos.

Eva comezou a suar, o osíxeno esgotábase.

A CONQUISTA DOS CEOS

Eva atopábase no cénit da súa carreira profesional, mais coa súa idade pensaba que non pasaría de realizar misións á Estación Espacial Internacional, como levaba facendo na última década. Tiña 50 anos, pero houbera astronautas na Historia que realizaran misións con maior idade: John Glenn con 77 anos, Miguel López-Alegría até os 52 anos...Aínda que esta misión tiña outra dimensión, duraría 10 anos. Dos cales 6 meses serían de traballo na superficie de Calisto, o resto do tempo na viaxe de ida e volta.

Nos adestramentos persoais e nas probas de supervivencia e esforzo físico, organizadas para a selección dos astronautas para esta misión, sinxelamente deuno todo. Nas probas de coñecemento teórico e práctico brillaba con luz propia. Só tería unha oportunidade na vida e non somos felinos, só temos unha.

–Ahaaaa, ahaaaa, ahaaaaaa!!! –Eva respiraba entrecortadamente na última proba física de selección, sita en Florida. Unha carreira con saída pero sen meta preestablecida. Esta atopárase onde caese rendida a última persoa candidata. Quedaban poucas persoas correndo. Perdera a referencia sobre a súa posición e sobre o tempo porque o seu reloxo detivérase inoportunamente. A súa visión nubrábase mais seguía latexando, respirando e correndo. “Ata onde os pés me leven”, pensara. Tropezou cun tronco no camiño e caeu coma un peso morto. Tentou levantarse, tremíanlle os brazos e as pernas non respondían. Mordeu os beizos, apertou as mans e toda a terra que capturaran. Atravesouna un raio, un raio que a fendeu, raio de ansia, raio de desexo e ergueuse unha última vez. A néboa conquistaba a súa visión, no horizonte a silueta dun corredor que ía diante dela. Era un punto no espazo. Pasaron varios quilómetros e esa sombra caeu ao chan e non se erguía. Ela fora conquistada polas cambras e cando esa sombra foi alcanzada a súa luz apagouse tamén, caeu rendida ao duro solo. John e Eva, compañeiros nunha viaxe épica.

LETARGO

Realizáranse letargos por medio da hipotermia, debido a motivos médicos, por un tempo máximo duns seis meses en seres humanos ata ese momento. Experimentárase con micromamíferos exhaustivamente. Aquí a primeira proba da viaxe, xa levaban 13 días. Eva ollou con preocupación a cámara na que se atoparía durante máis de 4 anos, con alimentación e respiración artificial.

–É posible que nunca esperte –musitou para si mesma.

Tiña a sensación de atoparse ao borde dun acantilado no cal estoupan as ondas furibundas dun mar gobernado pola tormenta. Sentiu medo.

–*Alea jacta est!* –suspirou John–. Podemos morrer durmindo ou por aburrimiento, prefiro a primeira opción.

–Hahahaha!

Introducíronse nas respectivas cámaras e sobre o Universo comezou a caer pausadamente o pano que sinala o fin do acto.

PENÚLTIMO ACTO

Transcorreran 52 meses e ambos astronautas atópanse na cabina de mando cunha actividade frenética. A unhas horas de aterrar sobre Calisto ao fin, as coordenadas xa están establecidas: a localización do seu fogar durante un semestre. As olladas brillan e as pulsacións dispáranse ante o momento das súas vidas.

Cada minuto dura unha eternidade, reina a estabilidade. Luz vermella, xurdiu un problema no reactor.

–Que parámetro está fallando!? –gritou Eva.

Virou a cabeza e contemplou a agora pálida cara do seu compañeiro, e esa inesquecible mirada, a mirada de John quedou conxelada na súa memoria. A mirada de John tamén era a súa mirada.

A nave comezou a vibrar intensamente. John desabrochou o cinto de seguridade e correu cara o último módulo da nave.


LA VIE EST LA POÉSIE, RÉCITE!

Ela escoitou o agónico ruxido do transmisor no interior do seu escafandro, a nave aínda non desaparecera da súa vista. Fumegaba mais aínda algo funcionaba. Esgótase o tempo para mandar unha mensaxe, a túa última aportación á humanidade, a pegada na area que agarda o golpe mortal das ondas do mar. Lembras os versos que escribiras naquel pano na cafetería *Derby*, fai moitos, moitos anos, cando estudabas o grao de Matemáticas e Física en Santiago; namentres as pingas de chuvia impactaban como meteoros na superficie do cristal. Comezas a tanguer cos teus dedos, nun código antigo mais non esquecido. Seguramente o empreguen como epitafio pero para ti é un resumo da túa vida. Nese poema condénsanse moitos momentos bos dunha vida xa vivida que rematará nos confíns do mundo acadado polo ser humano, vendo o nunca visto. Tan preto que poderías tocalo coas xemas dos teus dedos. Comezas a emitir pulsos, pulsos que serán escoitados en millóns de quilómetros:



Os ollos pecharon amodo, nunha eclipse permanente. O corpo ingrávigo, de costas a Calisto, ten a vista baleira orientada cara un punto invisible...

...onde se atopa un satélite chamado Lúa.



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2011. USC. Licenciatura en Xornalismo.
- 2011-Actualidade. UNED. Grao en Socioloxía.
- 2013-2014. Universitat Pompeu Fabra (UPF). Mestrado en Estudos Comparados de Literatura, Arte e Pensamento.
- 2015-Actualidade. UPF. Doutoramento en Humanidades.

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- 2008. Colaboradora do Informe de Literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela.
- 2010. Xornalista. El Progreso. Lugo.
- 2011-2012. Escritora residente na Fundación Antonio Gala. Córdoba.
- 2012. Escritora residente na editora Axóuxere. Rianxo, A Coruña.
- 2013. Xornalista no diario East Cork Journal. Cork, Irlanda.
- 2013. Documentalista no Irish Center for Galician Studies. Universidade de Cork. Irlanda.
- 2013. Profesora de cultura hispana no Spanish Studies Center of Cork. Irlanda.
- 2014-2015. Xornalista na axencia Zanilo Comunicación. Barcelona.
- 2015 – Actualidade. Responsable de Comunicación en Campus Training. A Coruña.

3º PREMIO

Nerea Pallares Vilar

Lugo

Son escritora, xornalista e investigadora. *Yasmina Reza e Roy Andersson: o absurdo realista no teatro e no cine actual* é a miña tese de doutoramento na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona.

Gústame a vida nos barrios. Observeina desde algúns ben interesantes; a xudería en Córdoba, Ballintemple en Cork, Gràcia en Barcelona, Monte Alto na Coruña. Sempre quixen vivir en San Telmo, en Bos Aires.

Adoro ler e escribir. Como lectora, admiro especialmente ás arxentinas nadas nos 70: Samanta Schweblin, Ariana Harwicz, Mariana Enríquez ou Selva Almada. Como escritora, fun membro da décima promoción da Fundación Antonio Gala, residente na editora Axóuxere e escribín o libro de relatos *Sidecar* (Oblicuas, 2015).

O sendeiro

Coido que é un *Carlino*, si. É un deses cans que teñen os fociños repregados, coma se acabase de pecar de curioso estampando o nariz canino contra a cristaleira de calquera escaparate. Un can chinés con selo british en Europa, co ADN alterado nunha ducia de ocasións ata dar coa fealdade delicadamente estudada para resultar entrañable: a desproporción dos ollos saltóns de eterna mirada triste, o rabiño encaracolado, os gruñidos en cada respiración por mor dun fociño que non se presta ben ás inhalacións fatigadas —porque os experimentos de laboratorio non sempre resultan perfectos, xa se sabe—. O *Carlino*, can-probeta, grotesco nada máis que o necesario para ser o chiste de catro patas que pasear as tardes de sábado, é o complemento de moda perfecto, beige e negro, combinable coa indumentaria de calquera tempada.

Alí o vai o *Carlino*, rúa arriba, paseniño, sufrindo os excesos de comida de marca en cada nova subida. Non elixe el o camiño, capitanea a ruta un home, autodemominado e autocondecorado Dono, o Dono do *Carlino*. A falta dun sendeiro propio, eu decido seguirlles o seu e me sumo á fileira improvisada, tomando sempre coma referencia, alá na cima da costa, o cu pelado do *Carlino*, balanceando esforzos sobre o asfalto en compás catro por catro.

— Veña, Pepe, alixeira.

O señor Dono berra o nome do can sen molestarse en xirar a cabeza para comprobar a qué distancia lle sigue o obediente compañeiro. Veña, Pepe, alixeira. Para o Dono parece resultar un mantra automático. Para o can, unha insoportable ladaíña. Veña, Pepe, repite o Dono cada dez pasos humanos e corenta caninos, alixeira.

Primeira contradición: o exclusivo can ten nome de barrio. Teima hipster a de mercar unha mascota na que ata as pulgas levan *pedigrí* para bautizalo con nomes de taberna. E primeira casualidade: acabo de descubrir que o *Carlino* fatigado e mais eu nos chamamos igual. E o certo é que ese veña, Pepe, alixeira, tan socorrido antes do punto e final dos exames da escola, do último trago e a quen lle toca pagar a seguinte rolda, das urxencias de supermercado, dos informes de oficina que se encargan dende o inicio cunha semana de retraso, o maldito veña, Pepe, alixeira, tan fatigoso, tan empeñado en facer da vida unha amalgama de situacións apresuradas, escoitado tantas veces, en tantas bocas, éme alarmanentamente familiar.

Apuro o paso cando me decato de que empezan a caer as primeiras pingas dunha treboada prometida pola negrura do ceo e recorto distancias co *Carlino*. Ao achegarme, comprobo que o can azorra a súa propia correa, longa, pesada, feita dunha tela que cede agora dende o seu pescozo cara o chan, mollada polas pingas, unha correa arrastrada polas baldosas feitas charcos de lama, unha correa dunhas proporcións desmesuradas para un can pequeno, unha correa cada vez máis pesada conforme as nubes espremidas asestan furiosas a chuvia. O esforzo do can é, agora, aínda máis penoso. Pepe tensa en cada paso toda a musculatura para conseguir avanzar a pesar da cadea e a pesar do bandullo avultado que por momentos peitea o chan. E eu, o outro Pepe, suorento pola subida, levo a man á barriga que tanto me pesa e hai que ver que ben entendo a este maldito can.

Non hai edificios próximos que nos presten abrigo e nada máis que somos xa os monecos desvalidos cos que xoga o ceo mentres ensaia intensidades na tromba de auga. Veña, Pepe, alixeira. O Dono insiste engadindo á perversa ladaíña un énfase que denota maior urxencia e eu, en mímesa con cada un dos movementos do *Carlino*, xa non sei ben a quen se dirixe o Señor. Gustaríame saber a onde imos, quizais o can e máis eu cavilamos no mesmo. Quizais fora bo que nolo preguntáramos ao inicio do sendeiro, antes de seguir tan obcecados os pasos do Dono ao que, obedecendo incondicionalmente, fixemos lexítimo. Pero agora miro cara atrás e o camiño feito lama non me ofrece ningunha atractiva posibilidade de retorno. Ante a falta de alternativas, sopeso que malo será que o Dono, tan decidido, tan seguro de si, tan ben disposto,

non teña unha boa idea de onde imos, de onde nos leva. O pensamento me anima a continuar ao tempo que me mantén preso da ruta que está comezando a eslombarme. O mesmo parece que lle pasa ao Pepe, xa apenas a uns metros de min, coa pelaxe empapada e visiblemente derreado, o pobre animal, arrastrando resignado e rítmico a condena de tela e lodo, perdendo definitivamente todo o seu estilo de can de iate e de sofá reclinable, para semellar cada vez máis un can de rúa, un can palleirán.

A miña camisa enchoupada convertese nunha molesta segunda pel que me obriga a inclinarme cara a terra. O pelo do *Carlino*, escurecido pola chuvia, tamén avanza chorando pingas e tecendo con capricho sospeitosos paralelismos entre as nosas situacións. Porén, o señor Dono, tan erguido coma ao comezo do infernal paseo, illado da auga cun impermeable, permanece alleo á nosa particular penitencia. Por se fora pouco, o terreo faise cada vez máis irregular e cheo de ocós. A chuvia é xa tan espesa que me cega a visión do chan e non podo evitar meter o pé nun deses buratos. Sinto como se me tronza a rótula ao dereito e o propio lle pasa ao meu pulso esquerdo ao ter que soportar de súpeto o peso de todo o corpo sobre o asfalto. Solto un berro de dor. O can secúndame e laia. O Dono continúa o camiño impertérrito mentres trato de levantarme e que non se che ocorra, penso, dicir o de veña, Pepe, alixeira, que non se che ocorra repetilo xusto agora, cabrón, porque xúroche que si fai falta crebo o outro pulso na túa meixela. Pero a ameaza imaxinaria queda desmentida en canto comprobo que apenas son capaz de erguerme e, segunda casualidade, me vexo obrigado a adoptar unha posición canina e camiñar a catro patas.

— Veña, Pepe, alixeira.

O *Carlino* e mais eu somos xa un único bufido de protesta.

Continuamos por unha costa que apunta ao ceo e, por momentos, necesito cravar as unllas na terra para non esvarar. O Señor, sen dar sinal algún de cansazo, comeza a desmarcarse ata ser nada máis que unha vertical intuída na cima da pendente. O can e máis eu xa case imos en paralelo e aquí, tan preto do chan, recibo na cara labazadas de chuvia e barro. Miro por derradeira vez o camiño percorrido —un sendeiro que sangra en regos feitos tobogáns— e sei que xa non hai lugar para a media volta.

Á miña dereita o *Carlino* espernexa sen descanso, conseguindo adiantar apenas un paso de cada cinco. Completamente embebida en lama, a súa correa é unha lousa caprichosamente adherida ao terreo, un cadáver de tela, unha carga que arrastrar. É nese momento cando vexo cómo o *Carlino*, lonxe de abandonar a ruta que lle esixe o Dono e reunindo os que deben ser xa os derradeiros folgos, agacha a cabeza e busca o extremo da correa entre o barro. Por un momento penso que non é capaz de volver a levantala ata que vexo cómo, paseniño, apunta de novo cos fociños cara a cima da costa e aí a ten. A correa atrapada entre os dentes. O seu pescozo atrapado pola correa. O seu pescozo atrapado entre os seus dentes. O can leva agora a súa propia correa e eu, detido e a catro patas, comezo a sentir algo na boca. Terceira casualidade. No padal un gusto a terra mollada, sangue e metal. Distingo a textura rugosa das costuras. Xa en paralelo, o *Carlino* e mais eu retomamos o camiño. Da cima da pendente chega un eco,

Veña

Pepe

Pepe

Pepe

que nos flaxela cunhas sílabas longas e afiadas. Alixeira, di unha ladaíña co terrorífico pouso que lle confire a eternidade, a certeza de que vén chegada doutro tempo e doutro lugar. Porque ningunha condena é verdadeira se non dura para sempre.

E por fin coroamos a cima da costa e a chuvia cesa. O Amo está parado fronte a un gran edificio oculto pola néboa. Chegamos, di con voz grave e ton plano, cunha atemporalidade propia do ton que nunca tivo outros matices. O can, sen soltar o extremo da correa, chega ao seu carón e cae derreado. É a súa unha respiración ronca e sen pausas na que o aire non parece asistirlle ben. Eu avanzo na brétema tratando de albiscar calquera sinal da fachada do edificio que me indique onde estamos. Pero antes de poder distinguir nada entre a calixe, cheiro un fedor intenso, de excrementos e carraxe, un olor a abandono e escoito, a centos e miles, ladridos en unísono. E sei onde estamos. Miro entón horrorizado á esquerda, buscando o *Carlino*, ese can que chegou á canceira levando a súa propia correa entre os dentes, pero a neboeira impídeme localizalo. Porén, dalgún lugar impreciso chégame o son do seu afogo. O *Carlino* asfíxiase. A respiración sufocada anuncia o seu final cun derradeiro abafó ronco e, logo, o silencio.

Ao meu redor a paisaxe pantasmal de manto branco e denso, a néboa mesta, o frío calando a alma e a banda sonora do gallamouto canino. Levo ás mans ao pescozo e sinto unha presión envolvente. Os laios dos cans xa son alaridos. É unha corda, noto cada un dos seus filamentos tirantes. Os alaridos son de súpeto berros de socorro, son gritos humanos. Xa non escoito ao Señor, xa non está o can, xa non hai cans na canceira ladrando a un tempo, agora hai súplicas precipitadas, saloucos, dedos cruzados en mans que rezan, en mans que se negan ás despedidas vis a vis e agarda un anaco máis, dimo outra vez, quero vivir desta última frase agora, antes de que pechen o enreixado e logo, axiña, fundido en negro, en pedra, días contados e tachados nas fileiras a lapis das paredes. O meu corpo está tan frío coma a nebra. Quixera berrar pero non podo. A corda sube, sinto como todo queda suspendido e busco coa mirada sen atopar nada, patexando, e por qué os seguín, as miñas mans enlouquecidas tratan de liberarme da forza nun esforzo inútil, por qué non preferín buscarme un camiño propio. Dende a miña nova posición, vexo que un bucle de arame coroa o edificio. Fáltame o aire. Respiro atropelado nun bufido ronco, idéntico ao derradeiro do *Carlino*. Demasiadas casualidades, penso. Isto xa non é a canceira.



////////////////////
FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2013- 2015. Bacharelato IES Auga da Laxe. Gondomar.
- 2015- 2017. UVigo. Pontevedra. Grao en Belas Artes, en proceso, segundo ano.

MENCIÓN DE HONRA

Antía Iglesias Fernández

Vigo

Con natureza e arte, acadei previos recoñecementos literarios (Minerva, Conde de Gondomar en dúas ocasións...) Os estudos no campo do mundo aberto á interpretación subxectiva das proporcións necesarias entre a realidade e as utopías, abren portas da mente que á vez de ser maravillosas, poden aterrorizar aos ollos cegos. Coido necesario ese medo.

O sono de Wegner

Non eran demasiado puros cando decidiron comprobar ata onde chegarían os seus febles corpos ao somerxerse na xeada auga do lago detrás do outeiro. Comezando coa punta dos pes, introduciron todas as súas núas extremidades entre as sinuosas, escuras e viscosas algas que alí habitaban. Os dous corazóns acelerados polo frío do aire e o ardor das súas ganas acompañaron o son das gotas cando un deles esvarou sobre a pulida superficie de pedra que poboaba o chan do infinito lugar. Cando o seu corpo rompeu a tea de araña de zapateiros que rodeaban as súas pernas de cordeiro, as risas do seu irmán so contribuíron a aumentar o cómico da escena. As meixelas acolleron a calor do sol na derradeira hora da tarde e unha gota salgada esvarou pola súa rugosa fronte ao erguerse do fondo do mundo. Cun agarimo peculiar propio de quen tira e afrouxa da mesma corda ata que rompe, o maior, parrelo, agarrou o brazo do seu igual para axudarlle a saír á superficie. Unha suave brisa non corrompeu a inocencia dos seus pasos que, dirixíndose ó final foron acariciando o subsolo de area, pedra, peixes e musgo ata que a auga tapaba levemente a súas barbelas aínda por desenvolver. Dende a beira observábanse dúas manchas de cor sobre un intenso prusia que ocultaba todas as imperfeccións. Nun nó de nubes flotan dous seres espaciais, dous animais liberados das súas descoñecidas cadeas. Contemplaban o subir e baixar do peito da súa creación, escoitaban os latexos das árbores que comprendían o muro contra o paso do tempo. Nas súas cabezas resoaría o murmurio do moucho ó comunicarse cos confíns das follas, e a respiración da choiva comezaba a mollar as súas faces.

A desbandada comezou cos berros de irritación ao recibir unha humidade maior; "Corre, mamá vaise enfadar; sal da auga tartaruga!". Salpicaduras e carreiras a destempo feriron uns pes xa desgarrados polos aguzados restos do camiño. O duro traxecto ata a casa acompañouse coa caída de anacos de ferro e xeo sobre as súas cabezas e continuaron a marcha entre as máxicas plantas da horta da súa nai. Entraron correndo coa forza de mil aves aterrando e a pequena casa converteuse no sitio do seu recreo. As desvaídas paredes rosa mate, pau, con lirios debuxados nas esquinas, cuns matices verdes onde antes habitaran unhas delicadas follas de nenúfar; A humidade aparecera uns meses atrás cando as intensas chuvias de novembro desmembraran a apreciada amendoeira do xardín. A medida que os nenos foron crecendo, as gretas dos recunchos evolucionaban a igual ritmo alimentadas cos pisos e portadas tras cada rabecha. O mimo co que ordenaran os libros do salón deixaba ver quen os usaba. As interminables horas que a nai pasara suxeitando as delicadas tapas das súas novelas favoritas no recuncho da ventá mentres observaba o ir e vir das follas, o ir e vir dos fillos... E os pesados, para eles, momentos que tiveran que pasar para recibir unha educación suficiente para empaparse da cultura do mundo. Todas e cada unha das almas que vivían neses andeis foran inspeccionadas por Susana antes de realizar as leccións, riscadas e correccións poboábanas eliminando o negro da historia. Así foi como os irmáns foron percibindo como o planeta foi ordenado cos benévolos pactos e a intelixencia dos iguais para crear unha sociedade mellor; A pacífica mentalidade daqueles adultos, a soberanía de todos, convertía a comuna nunha anarquía autosuficiente afastada das crises sociais, a ollos dos pequenos, inexistentes.

Sobre unha crúa cama branca, coa vista no teito de madeira e as sabas debaixo da barbela, a nai pechaba os ollos da súa actualidade nun inútil intento de conciliar un sono reparador afastado dos recordos. Mais coma todas as noites tras deitar os nenos, coma todas as mañás ao erguer a Tobias, ao perder os ollos azuis nesa pálida face, as brumas do pasado non eran detidas polas altas herbas da horta, polas enredadeiras do tellado, polo felpudo feito polos nenos anos atrás, pola porta verde botella da entrada, nin polas contras de madeira do comedor.

Eran tan lóbregas as prematuras noites tras os gritos daqueles ollos... O chan retumbaba coas súas caídas á nada, os golpes das bágoas resoaban na parede cando parecía que nada máis podía derribala.

Tratando de refrear a súa memoria, ergueuse da cama para espantar os lóstregos observando os anxos da habitación do lado; o seu mundo tiña que ser tan diferente... tiña que selo. Pola beira da porta sen pechar para permitir a entrada da luz e a saída dos monstros, contemplou a dozura das noites claras.

O pequeno buraco que comunicaba as dúas vivendas foi testemuña de demasiadas traxedias. Afastado do simple dunha labazada, a tortura mastigábase no ambiente cando unha das persoas que habitaban esa casa atravesaba a entrada. Prácticamente desintegrada; así era como atopou á muller coa que tanto compartira nos últimos tempos. Tirada no chan, na esquina dereita do pequeno salón, un vulto que facía rebotar o seu corazón entre saloucos ocos. Tapaba o descomposto rostro entre unhas mans violáceas e frías, a pel case transparente non forzaba a imaxinar a cor das veas polas que unha coagulada sangue circulaba ao ritmo do seu acelerado latexo. O despeiteado cabelo, no que se podían albiscar as primeiras canas dunha prematura vellez forzada polas circunstancias e o momento mal escollidos para aparecer no mundo; Os inchados ollos claros que tantas veces, facía meses, tantos meses, vira sincronizados cos seus sorrisos. Os temerosos beizos que antes os emitiran agora estaban rasgados, mancados, rotos. Aqueles que tantos beixos corresponderan, iniciaran, continuarán, alargaran... non poderían acoller a ninguén en moito tempo; nin un so día para amar. Tan longa foi a contemplación e tan silenciosa que allea ao resto do mundo, a compañeira non detectara a súa presenza e os saloucos convertéronse en berros de agonía deixando saír un pouco tarde o que antes se lle atragantara.

A arela daquela amizade furou o seu peito. Apartouse da porta e coas costas recostadas na parede, deixouse caer en silencio para chorar, unha vez máis, a perda.

Día tras día, noite tras noite as oportunidades para fuxir das que tanto falaran ultimamente íanse voando con cada expiración. Non se pode describir o azul que aparecía no seu corpo a mañá seguinte, debuxando un camiño case coñecido, a ruta das flores malvas sinalaba o seu rostro como fin da avaricia. Non só por ese exterior podíase avanzar, os pasos internos correspondíanse co sacrificio de todas as verdades en honor a loucura. Foran unhas cantas noites escuras no padal das portas do averno; tras cada pinga de auga salgada duns ollos pechados, caía un miligrama de cera sobre o tapizado da butaca da sala. Os días no silencio xa eran costume dende que todo comezara, eran estrañas as situacións que retorcían as entrañas do monstro dos armarios, O cortante fío da súas re-interpretacións non era maior que o do lateral da súa man. A pesar de ser tantas veces árbore, testemuña incapaz de facer nada, os seus ollos eran como as paredes nas que aparecían as manchas. Desfeita no seu corazón que non atopaba o botón de axuda do público. Cando nunha ocasión os ollos da vítima, sabendo que non estaban completamente sos, buscaron o camiño á luz, a súa mirada transmitía unha confusión incapaz de topar a posición relativa das nubes. Cada unha das pequenas motas ilustradas no interior do seu iris dilatábanse tras cada suspiro, transformábanse en desagradables formas que non facían máis que referenciar o que vivía. Como se podía escribir esa amargura que lle facía crer que realmente ela mesma era a culpable de todas as súas cicatrices.

A matutina claridade incidiu na súa face recostada sobre a madeira podre do salón.

Cando cría que a calma estaba a punto de facer acto de presenza, os berros da rúa uníanse aos saloucos tras o tapiz, ós lentos e pesados pasos. Coma moscas, os homes sentíanse atraídos polo novo movemento arrastrando as súas idílicas e controladas mulleres, crentes da súa coexistencia co devezo no padal do ventre.

Uns pes descalzos a pouca distancia do seu nariz foron a "benvinda de novo". O seu pequeno observábaa dende o metro e

vinte e dous centímetros que os separaban do chan e unha cara de incerteza dáballe os bos días.

"Tedes que ir fora, correde a avisar a Alois de que traia os tomates e as patacas para facer a cea" Foi o que resoou nas súas cabeciñas cando atravesaron a porta aberta aos camiños inexplorados. Erik sabía perfectamente como chegar a casa do veciño, pero non tiña moi claro que a dirección na que ía o seu irmán fora a correcta. Marchando en dirección contraria ao centro do colectivo Tobias tiña os ollos postos nunha escultura que aínda lle quedaba por escalar. " Vai ti a facer o que mandou mamá, pero cala a boca, eu fun contigo" Berroulle pero o pequeno agarroulle o brazo, tirando de el. " Ti tamén tes que vir, non podes non facerlle caso, vamos, vamos". Cun so movemento soltou o brazo, empurrou a Erik e seguiu o seu camiño.

Era a máis fermosa que xamais vira, aquela árbore dun millar de polas, entre grandes e pequenas polas que podía subir e subir, era o seu castelo. Alí mandaba soamente el, ninguén ía dicirle que facer ou que estaba mal. Era seu. Cunhas táboas que sacara as agochadas do depósito da leña construíra o chan da súa base. Sabía polas historias da nai que antes de que todas as persoas mantiveran unha constancia e igualdade uniformes, que existían construcións xigantescas chamadas castelos, cheos de recunchos agochados, pasadizos secretos e cámaras descoñecidas. Neses castelos viviran grupos de persoas gozando de todo canto eles quixeran e compartíndoos sen egoísmo ningún, pan como o que facía a tía Helena, peixe do que atopaban no lago, carne que conseguían das vacas... Pero eses castelos desapareceran, nunca podería ter un, e Tobias quería para el so.

Co bico torcido e os ollos secos chamou insistentemente á porta de Alois. Cando este abriu a parte superior da peza de madeira o coitado Erik, co cu cheo de po e pedriñas nas palmas das súas pequenas mans, xa estaba un pouco máis tranquilo. " Bos días pequeno, que che pasou nesas manciñas? Estás ben?" - " Non é nada, tropecei ao saír da casa. Mamá dí que precisa tomates e patacas para cocinar" - " Meu neno, esa muller non para quieta, xa estaba facendo eu a comida, irei a avisala" Os tan semellantes ollos marrón escuro cruzándose un segundo cando o rapaz levantou a vista do chan e despediuse do seu veciño.

"Onde cres que vas?" a diferenza de altura era xa considerable entre eles dous, o pequeno aínda sen dar o estirón chegalle polos ombros ao seu irmán e isto marcara a diferenza. Cunha fortaleza diferente, dende que o maior tiña os 9 anos e descubrira, sen antecedente ningún, que o seu corpo daba máis que o do pequeno, remitira nel continuamente consguindo así o que desexaba. Baixo as ameazas e os chantaxes facía o que quería sen ningún problema; Un día de verán no que estaban pasando o tempo no campo observando os paxaros e perseguindo ras, Erik atopara agochada unha cría de corvo que posiblemente caera do niño. Tal e coma a súa nai lle ensinara, buscou axiña o seu fogar para que puidera quedar tranquilo. Coa vista no ceo das árbores camiñou polo bosque arredor da zona asexando os restos de herbas secas e Barros, paus e musgo que compoñían o fogar da cría. Cando por fin deu co lugar na pola máis alta, ía comezar a subir no momento no que apareceu o seu irmán e tirou del cara atrás. "¿Que levas ahí?-

Non o agoches, que é iso?" berroulle mentres trataba de observar que curiosidade tiña nas mans. Egoísta co seu descubrimento non quixo ensinallo e díxolle que se apartara e o deixara en paz, agarrou a primeira pola e de novo Tobias tirou del cara atrás esta vez facéndoo caer. " Pero ti es parvo? estouche dicindo que me ensines que levas aí!" esixíalle. Dende o chan observando ao seu irmán como nunca o vira, Erik entre abriu un pouco os dedos das mans para que a pequena cabeciña asomara ao aire. Nada mais velo Tobias agarrou forte o seu brazo e quitoulle o paxariño. Cos ollos vívidos e relucentes

este votou a correr saltando por riba das polas caídas e deixando a Erik no chan, coas bágoas nos ollos e tremendo de rabia. Cando ao cabo de dous minutos o pequeno acougou, ergueuse da herba e foi tras el chegou xusto na escena final. Tobias estaba dándolle as costas e mirando fixamente o fondo do lago, a auga transparente reflectindo o ceo de mediados de xullo mesturado co fondo pardo de pedriñas en branco e negro.

Póndose ao seu carón puido ver o que el observaba. Un vulto ía pouco a pouco cara abaixo, xa sen resistir a presión da corrente que zarandeaba o seu pequeno corpo. "Onde me da a gana, déixame, non es ninguén para falarme así" A medida que pasaran os anos, Erik, inocente e inofensivo, aprendera a escapar do seu irmán, a evitalo cando ía directo a el, pero cada vez era máis difícil. O orgullo que crecía no seu interior, a súa ferida aberta supuraba unha substancia branca e pegañenta que non lle permitía ignoralo máis. Os empurróns eran continuos en canto se alzaba a voz, sabía que cando os seus corpos chocaban estalaba unha sensación de desagrado que non experimentara antes e ante a cal non coñecía como reaccionar. Xirou, canso de tratar de arranxar as cousas que Tobias rompía, e coa mirada máis intensa que xamais saíra do seu interior retouno a dicir unha palabra máis contra el pero o reto so aumentou o grado de rabia de Tobias que achegándose lentamente ao seu irmán estaba preparado para facerlle fronte. Erik non soportaba máis a situación e reaccionando entrou nas árbores para darlle tempo ao tempo. O corvo que morrera anos atrás, era el, Tobias, cuns doce anos que non eran seus.

As árbores acollían ao pequeno cun aire convalescente dos anteriores terremotos que moveran o mundo e o fixeran anacos. Cando o ceo asomou entre as polas máis altas, a noite xa iluminaba sobre a súa escura cabeza. Cos pasos non contados e os nove anos desfeitos nun cativo de tres, o medo fixo que o falar do marrón escuro case negro foron cento e un pantasma que o acompañaban a ningunha parte. Os troncos ocios fixeron de cama durante os primeiros amenceres, a seguridade da luz permitíalle pechar os ollos durante unhas poucas horas. Desorientado coma un paxaro sen terra referente continuaba o andar ata que os saloucos dos mouchos tornaron voces ao lonxe que aportaron un pouco de esperanza a que estivera de novo no fogar. Apartou todos os arbustos que rabuñaron a delicada pel da súa sucia face e o famento estómago non paraba de chorar cando caeu de xeonllos sobre unha dura superficie grisácea diante duns descoñecidos que co desprezo nos ollos seguiron o seu camiño. Dende esa plana superficie, por debaixo da nada, observou coma o gris non tiña fin nun horizonte baleiro entre árbores. Co seu común enxeño, seguiu aos homes, mantendo unha prudente distancia. Así tras un longo tempo escondéndose cada vez que pisaba un pouco forte de máis, chegou a algo semellante a súa casa. Un cúmulo de construcións de pedra onde as máquinas sobre as que a súa nai falaralle, os coches que sempre lle pareceron abominacións para asustar aos nenos estaban fronte el e pasando ao seu carón a unhas temerosas velocidades. Como cando chegou alí o sol xa estaba desaparecendo, coidou que el tiña que facer o mesmo e alegrouse de que o medo que o seu irmán tiña á escuridade, non fora seu.

Tomouse nunha porta que atopou ó final dun canellón e recollido en si mesmo pechou os ollos imaxinando a súa nai cando lle contaba como medraría recollendo os tomates con Alois e faría a torta de mazá que lle saía tan ben a Hugo, o veciño do outro lado do lago.

A culpabilidade non acougaba a medida que pasaban os días, as noites e as lúas e por aquel camiño só voaban os corvos que el desterrara. Miraba a súa ferida nai, descoñecedora da verdade da marcha que observaba cada hora as dúas árbores que tragan ao seu pequeno. As voces que tremían no seu corpo facían ferver a auga do sangue nas veas de caucho, perforaban os tímpanos dos pulmóns que emitían un asubío con cada inspiración descompasada. O osíxeno non pasaba

como suficiente esixindo a densidade do fume para amansar os latexos na caluga do rapaz aínda menos puro. Os ollos volvéronse pedra seca, rota, quebrada en mil anacos que lle facían ver outra realidade cando as palabras da nai facían oco baixo a prominente noz da gorxa. Cando todos os suspiros quedaron desecados no fondo do estómago e os puñais xa estaban aloxados baixo as costelas de ouro, nin vento nin pena rozaban o frío estandarte da súa guerra. Cos anos marcados no rostro da súa nai, medrou forte a ambición que lle levaba a consideralo todo propio. Unha noite cando todos durmían, ía saír pola porta para ir ao seu refuxio e atopara a Alois abrazando o rostro descomposto dunha nai que leva demasiados días sen ver ao seu pequeno. Na súa, por aquel entonces, curta idade doeu a falta de protagonismo e as bagoas caeran coma ríos sen presa que os reteña e quedara completamente seco. Co tempo que pasou, as ideas fluíron máis aló do establecido e comezara a comprobar el mesmo os libros cos que lle deran clase. O que atopou foron unha chea de correccións, substitucións e mentiras que constituían un mundo completamente diferente aos seus ollos. Os documentos chegaban ata 1933 e a partir dese momento, o mundo desaparecera. Fixeran falta 19 anos de mentiras para que nese momento, o odio do cativerio reluciran e a rabia foi directa a onde a súa nai falaba nun ton baixo con Alois.

Cos libros en ambas mans camiñou ferido cravando os ollos na mirada da nai que, dándose conta do que acontecía comezou a baixar a cabeza. "Como puideches?" Non dixo nin unha soa palabra cando o veciño púxose diante dela con intención de facerlle comprender a Tobias que fora a mellor decisión. Pero nada do que dixeran podería facer desaparecer a súa intransixencia, deixou caer os libros, que cun son seco golpearon o chan abríndose nunha chamada Primeira Guerra Mundial. Abalanzouse contra Alois cos puños pechados e a pesar dos intentos do contrincante por esquivar os seus desesperados ataques, recibiu unha puñada na meixela dereita e co beizo sangrando caeu ao chan. Tentou afastarse do enfurecido rapaz que cego de rabia, ignorando os berros da nai e apartándoa do seu carón, querendo borrar un pasado inexistente aos ollos de calquera, descargou sobre el; Sentado no débil e envellecido corpo, desfixolle a cara en granates, violetas e vermellos que deron lugar a un silencio só corrompido polo latexo de dous corazóns e unha ausencia.

Ergueuse e mirouna, " todo é meu".

Tiña que ver polo buraco e, cando estivera listo, apertar o que chamaban gatillo. Espertara pola noite cun obxecto negro en mans dun descoñecido vestido de marrón e cuns símbolos estraños, apuntándolle a cara. Non sentiu medo ata que na escuridade reluciron uns ollos que ensinaban os letais dentes entre gruñidos acompasados coa súa acelerada respiración. Forza, incomprensión. Forza, forza, forza. Só forza penetrou no seu corazón e na influenciábel mente dun cativo desorientado, as ideas craváronse no neno que xa non sabía nada. Foron unicamente uns meses o que tardaron en romper a súa cordura preestablecida e instalar unha maldade instaurada.

A incoherente e desesperante situación non permitía o acougo dos recordos que, coma coitelos lanzados polo azar voaban preto ás súas orellas afiándose cada vez un pouquiño máis. Repetindo a morte a seus ollos, cando uns pulmóns deixan de compartir o teu aire, cando exhala a última fisgoa de calor e a frialdade cólleo por sorpresa invadindo un envoltorio xa baleiro. De pronto estaba de novo sentada no chan de madeira vella 19 anos atrás, escondendo a cabeza entre a almofada e as mantas fuxindo da realidade que latexaba, cada vez menos, na casa do lado. Xa conseguira desfacerlle os seus diferentes trazos, a face xa non era nin ela nin el. Non era o amor suficiente motivo para querela?

Tivo sorte de non escoitar cando todo quedou en silencio, aínda que a sorte perdera todo significado. A nada que crea unha estrela ao caer do ceo, desaparece nun millar de pequenos restos que non atopan lugar no universo. Este novo as-

tro xa non era, Atara Berkowitz xa deixara de existir. O medo fixérase dono do seu corpo e sabendo que unha nova vida compensaría, dalgunha maneira, a súa breve inexistencia, decidiu que nada dese mundo entraría no futuro da criatura, un derradeiro amor ía impulsala a salvo, darlle o mundo coas mans abertas sería pouco pero a maldade exterior non rozaría un so poro da súa pel.

Na claridade da auga reflíctese un lívido rostro depravado pola confusión ao fin confirmada. Dende que os tempos comezaran a cambiar, os aires de pureza bulían nun tornado cara a perda do universo, o seu intelecto viuse atestado de cuestións con xustificacións inexistentes e isto provocara un desequilibrio. Anos despois, sentada diante do lago observando en segredo aos seus nenos xogar nas profundidades, cando xa decidira que o que ela esperaba non ía pasar, que estaba completamente equivocada, todo volveu cambiar. Tratara de darlle unha explicación a desaparición do amor da súa vida convertido nun bárbaro só pola acción duns ideais equivocados, non podía crer que as influencias e as presións puideran transformar o que fora todo cultura, tranquilidade e ciencia nun estraño agreste e baleiro. O pai de Tobias fora a súa maior presenza durante máis de vinte anos e cando tivo que fuxir del, algo nela esixía explicacións; o amor polo neno do seu ventre víase nubrado pola xenreira da situación e o experimento saíu a relucir.

Co diario entre as vellas mans volveu ler as reflexións dos primeiros anos, a evolución do fillo único non daba ningún motivo para crer que a causa estivera no propio xene humano; decantárase pola conclusión de que se un neno non entra en contacto coa ruín sociedade nin cos feitos pasados que destruían o mundo, este non podería evolucionar ata a perda de dita naturalidade. Que equivocada estivo o día en que pechou o caderno decidindo que eran incidencias as causantes da maldade; innato nas corduras dos seus beizos, a substancia do fin inacabado chegara onde eles convertida nuns ollos azuis cheos de animadversión, hostilidade, repugnancia e resentimento. Quizá todo fora culpa súa, pensaba, e ese odio non fora seu se non cara a ela. Confiárase no futuro dunha colectividade allea a realidade, conformada pola humildade e a razón; criara outro fillo que agora estaba, pola súa culpa, so nunha guerra perpetua e descoñecida; o seu amor frustrado renacera de novo no seu primoxénito, inhumanidade, sadismo e asasinato, foron as súas respostas.

Tenteara demasiado; o frío, azul i efémero mollo foi a súa sentencia cando o movemento da auga só permitía entrever as martirizadas pálpebras cubrindo uns ollos xa cegos.

MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2016

ESPECIALIDADE DE TEATRO

PRESIDENTA:

Yolanda Otero Balsa, *subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Manuel Guede Oliva
Camilo Franco Iglesias
Antonio Vázquez Turnes

SECRETARIA:

Ángela Fernández Rey



FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 2014, Abril: Salón Teatro, Natureza Viva. Premio na Mostra de Teatro Universitario de Galicia (MTUG) ao mellor espectáculo, mellor dirección, mellor espazo escénico e mellor iluminación.
- 2015, Maio: Auditorio Universitario Roberto Vidal Bolaño, Kraft.
- 2016, Abril: Salón Teatro, Cabaret Salomé.
- 2016, Xuño: Salón Teatro, Cabaret Salomé.
- 2016, Outubro: xornadas da Facultade de Filoloxía The history of Cardenio.
- 2016, Outubro: Unitaria, Cabaret Salomé.
- 2016, Outubro: Matadoiro, performance.
- 2016, Outubro: Casa do Concello de Outes, Cabaret Salomé.
- 2016, Novembro: Unitaria, Cabaret Salomé.
- 2016, Decembro: Unitaria, Cabaret Salomé.

1º PREMIO

GN Teatro

Fundouse no 2013

GN créase co desexo de pescudar novos xeitos de entrar e habitar a arte como individuo e personaxe. Desde os nosos inicios procuramos afondar en diferentes técnicas grazas ao achegamento de novos teatros e culturas, establecendo na nosa linguaxe unha dialéctica entre a vangarda e o post-drama, a intermedialidade, a tradición e o folclore, o nacionalismo e o internacionalismo. Buscamos un teatro que se afaste do doado e do beneplácito comercial en favor dun criterio propio, buscando novas fórmulas de experimentación e de expresión. GN tamén cre na importancia do compromiso político na arte, creando teatro desde Galicia para Galicia e o resto do mundo.





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 2014-2015: Vilar de Inferno (David Carrera). 2º PREMIO Xuventude Crea 2015.
- 2013-2014: Tralo telón (David Carrera, Pinchacarneiro e colaboradores). 2º PREMIO do Xuventude Crea 2014. Gañadora na XV Mostra de Teatro Universitario do premio ó mellor actor (Ramón Insua), mellor actriz (Marta Gómez), mellor dirección e mellor espectáculo. 2º Premio do XVII Certame Candilejas- Don Bosco.
- 2012-2013: Proxecto 45 (David Carrera e Pinchacarneiro teatro). Gañadora do 2º PREMIO do Xuventude Crea 2013. Ademais do premio á mellor interpretación masculina (Ramón Insua), mención especial á interpretación feminina (Natalia Ibáñez) e mención especial ó vestuario (Marta Gómez e Natalia Ibáñez) na XIV Mostra de Teatro Universitario de Galicia.
- 2011-2012: Baixarse ao moro (Adaptación da obra de José Luis Alonso de Santos). Gañadora na XIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia dos premios á mellor dirección (Alberto Martínez), mellor actor (Ramón Insua) e mellor actriz (Natalia Ibáñez).
- 2010-2011: A Comedia do Gurgullo (Plauto, versión de Celso Parada).

2º PREMIO COMPARTIDO

Pinchacarneiro Teatro

Formamos unha compañía de teatro centrada na creación representación e promoción do teatro en galego a través dunha liña moi persoal (libreto e música orixinal). A nosa formación combina elementos artísticos como música ou artes escénicas con outros máis sociais (pedagogía, psicoloxía, xestión cultural, produción teatral).

O noso estilo apóiase no humor como vehículo de expresión e a cultura pop como referente, especialmente a propia dos 80 e 90. Combinamos elementos tradicionais (a retranca, o absurdo, a sátira, etc.) con outros máis innovadores (o frikismo, o kawaiismo, internet, a televisión, etc..).

O noso obxectivo é facer gozar ó espectador independentemente do seu estrato social, nivel cultural ou corrente ideolóxica. Valoramos a satisfacción do público antes que calquera pretensión ou purismo.





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- Tik e Tak, historia dun amor reloxil, de Gustavo G. Dieste.
- Exercicios para escorrentar pantasma, de Fernando Almena.
- A muller que comezou a contar ata dez... e xa non parou, de Gustavo G. Dieste
- Mamarrat ou a estomacante decisión dun roedor, de Gustavo G. Dieste.
- Des-Enlace, de Gustavo G. Dieste.
- Coas diferentes obras, tivemos a posibilidade de actuar en diferentes puntos da xeografía galega: Santiago de Compostela, Melide, Muros, Vimianzo, Outes, Boiro, Monforte de Lemos, A Coruña, Lousame, etc.

2º PREMIO COMPARTIDO

TikTak Teatro

Setembro de 2011

Fundado no ámbito universitario, en TikTak Teatro tratamos a problemática social de actualidade desde unha óptica humorística e satírica. Co humor sempre como colchón de seguridade, afofamos en cuestións difíciles, duras incluso, pero de maneira amable e positiva, fomentando unha reflexión tranquila e construtiva por parte do público tras o visionado dos espectáculos.

Ademais, apostamos por producións propias. Tan só unha das nosas obras está escrita por un director externo á nosa compañía.





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- Noelia Blanco, Celina Fernández e Pía Nicoletti, formamos Inherente Teatro. Estamos a rematar estudos superiores de Interpretación Xestual, na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
- 02 e 03/07/2017 Teatro Aforo (Vigo)
- 16/10/2016 No Auditorio Municipal de Ourense, durante a celebración do II encontro de Mulleres creando incluído no Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO 2016).
- 21/10/2016 Museo Arte Contemporánea de Vigo (MARCO), dentro da programación da VI edición do Festival Internacional de Poesía e Performance Kerouak.
- 05/11/2016 Centro TNT (Sevilla) Durante a celebración do VIII Certame de novos Investigadores Teatrais CENIT.
- 16/11/2016 na Casa da Cultura de Outes durante a celebración do Xuventude Crea 2016.
- 25 e 26/11/2016 Sala Ingrávida (O Porriño).
- 29/01/2017 Salason (Cangas).
- 16/02/2017 Teatro Principal de Santiago de Compostela.

3º PREMIO COMPARTIDO

Inherente Teatro

01/06/2016

Sen orzamento, non máis investimento que 20 céntimos por bolsa de sal e 1.20 € cada rolo de papel film. Con *Dramaturxia das Mulheres* partimos, sen apenas decatarnos, dun Teatro pobre, no que o que se establece en escena é un deserto branco de encontros con nós mesmas e o público. Un pequeno deserto de sal, como Uyuni en Bolivia, no que os límites se dilúen ante o público.

A Real Academia Galega (RAG) define “inherente” como aquilo que está unido de maneira inseparable a algo ou alguén. Quizais esa é a nosa máis salientable pauta de traballo: a unión con vós e con nós mesmas.





FORMACIÓN PROFESIONAL DO GRUPO

- 23/10/2014 Fóra de xogo. Casa de Cultura de Outes
- 08/11/2014 Fóra de xogo. Auditorio Municipal de Culleredo
- 19/12/2014 O incidente. Salón de actos do IES Xelmírez I
- 21/04/2014 O incidente. Salón de actos do IES Xelmírez I
- 19/05/2015 O incidente. Teatro Principal de Santiago de Compostela
- 29/05/2015 Vinte en vai no dentista. Salón de actos do IES Xelmírez I
- 04/06/2015 Fóra de xogo. Centro Ágora, A Coruña
- 16/10/2015 O incidente. Sala Mozart, Auditorio de Galicia. Santiago.
- 08/11/2015 Desnortados. Teatro Puccini de Altopascio, Luca (Italia)
- 18/12/2015 Desnortados. Salón de actos do IES Xelmírez I
- 17/04/2016 A síndrome de Wendy. Teatro Principal de Santiago
- 02/06/2016 O incidente. Centro Ágora, A Coruña
- 20/06/2016 A síndrome de Wendy. Teatro Principal de Santiago
- 17/11/2016 A síndrome de Wendy. Casa da Cultura de Outes
- 05/12/2016 O incidente. Teatro Principal de Santiago

3º PREMIO COMPARTIDO

Vai no dentista

Outubro de 1995

Vai no dentista é o grupo de teatro do IES Xelmírez I, as súas intencións pasan por facer ao alumnado partícipe do grupo, traballando a comunicación, o comportamento e a expresividade. Aprender a expresarse libremente dentro dun colectivo. Valorar a propia personalidade dentro do grupo, potenciando a imaxinación creadora.

A base do noso traballo radica no poder da imaxinación, e o propio teatro como xogo: xogar con, no e ao teatro.

Desde 1995 mesturamos alumnos e alumnas de todas as idades e textos teatrais de todos os estilos, onde o vehículo é a lingua.

A síndrome de Wendy



**MEMBROS DO XURADO DO
CERTAME XUVENTUDE CREA 2016**

ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

PRESIDENTA:

*Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude,
da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da
Consellería de Política Social*

VOGAIS:

Ignacio Vilar Díaz
Francisco Freire Magariños
Julio Casal Fernández-Couto
Pastor Lorenzo Sola

SECRETARIO:

José Manuel Ramberde Sexto



FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2009-2014 EASD Antonio Faílde. Ourense, España. Estudos Superiores de Deseño Gráfico.
- 2010-2011 Universidade de Jadavpur. Calcuta, India. Programa de Intercambio.
- 2010-2011 Universidade Visva Bharati. Santiniketan, India. Curso de Litografía.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2014–actualidade. Deseñador gráfico *freelance*.

1º PREMIO COMPARTIDO

Andrés H. Bonader

Arxentina

Son un deseñador visual apaixonado da música, as aventuras, ceax vendo unha boa película e aprender cousas novas. Nado en Arxentina e criado no Val Miñor, xa desde cativo comecei a interesarme pola comunicación visual, o que me levou a estudar na Escola de Arte e Deseño Antonio Faílde de Ourense. Alí participei no programa de intercambio coa Universidade Jadavpur e Visva Bharati na India onde me inicié en distintas técnicas como o gravado e a litografía. Este foi tan só o punto de partida, xa que desde entón non parei de investigar e experimentar en distintos aspectos das artes visuais. Sempre aberto a novas propostas, nos últimos anos realicei infinidade de proxectos traballando con distintas asociacións e empresas galegas.

www.ahbonader.com

A modesta trabada de Magritte a Galicia





////////////////////
FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2010-2014 Graduada en Belas Artes na Universidade de Salamanca.
- 2015-2017 Mestrado en Producción Artística na Universidade Politécnica de Valencia.

1º PREMIO COMPARTIDO

Marina González Guerreiro

A Guarda

“Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos...”

O carrascal





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 1998-2008 Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Grado Medio de Piano.
- 2009-2012 USC. Santiago de Compostela. Licenciatura en Comunicación Audiovisual.
- 2010-2011 Univerzita Karlova V Praze. Praga. Programa Erasmus.
- 2012-2013 UDC e Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. A Coruña. Mestrado en Producción e Xestión Audiovisual.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2011 Santiago Film Comission. Santiago de Compostela.
- 2012 Ficción Producciones. Santiago de Compostela.
- 2013 Tic Tac Producciones. A Coruña.
- 2014-2015 Vaca Films. A Coruña.
- 2015 Tuperiapelículas. A Coruña.
- 2016 Esferobite. A Coruña.
- 2016 S8 Mostra de Cinema Periférico. A Coruña.
- 2016- actual. Frida Films. Santiago de Compostela.

2º PREMIO COMPARTIDO

Celia Parra Díaz

Ourense

Dedícome á produción multimedia e á poesía. Como poeta recibín recoñecementos en certames como o Minerva, Xuventude Crea, Ánxel Casal, María Mariño e Avelina Valladares. Deste último xurdiu o poemario *No berce das mareas* (Ed. Ferverza, 2009). Teño textos publicados na Revista Dorna, a Revista Luzes, a antoloxía *No seu despreñar* (Ed. Apiario), a *Antoloxía do Sentimentalismo* (Ed. Bubela), etc. Publiquei na rede o CD de audiopoesía *RE(C)verso*, o poemario-receitario *Cocíñame* e unha serie de videopoemas sobre textos propios e tamén alleos. Actualmente traballo a videopoesía como creadora e como produtora de *Versogramas*, un proxecto transmedia sobre o panorama internacional do xénero.

Adondar a lingua





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2008-2009. Instituto Vicente Cañada Blanch. Londres. Bacharelato.
- 2009-2013. Universidade de Vigo. Grao en Comunicación Audiovisual.
- 2013-2015. Universidade de Santiago de Compostela. Mestrado en Educación, Xénero e Igualdade.
- 2015-en diante. Universidade de Santiago de Compostela. Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.

2º PREMIO COMPARTIDO

Eire García Cid

Vigo

Algo sobre min? Só podo dicir que sempre me sentín moi identificada, e máis no momento de escribir isto, con aquela frase de Audre Lorde: “As armas do amo nunca destruírán a casa do amo”.

A imaxe cedida





3º PREMIO COMPARTIDO

Aitor-Víctor Fernández Marcos

Ourense

Encántame mirar e saber das cousas, de vez en cando saio e as fotografío.

////////////////////

FORMACIÓN ACADÉMICA


- 2011-2013 Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Falde. Ourense. Técnico Superior en Fotografía Artística.
- 2014 - La Plantación. Ourense. Curso de fotografía documental con Jon Cazenave.
- 2015 - La Plantación. Ourense. Curso de fotografía artística con David Jiménez.
- 2016 - La Plantación. Ourense. Curso de fotografía documental con Matías Costa.
- Actualmente curso Belas Artes na Facultade de Pontevedra.

////////////////////

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2012-2015 Estudo de fotografía A.Uve. Ourense.
- Actualmente traballo como *freelance*.

Miraxes na illa





FORMACIÓN ACADÉMICA

- 2006-2007. CIPF Comunicación, imaxe e son A Felguera (Asturias). Grao medio en Laboratorio de Imaxe.
- 2007-2009. CIPF Comunicación, imaxe e son A Felguera (Asturias) Grado Superior en Técnico de Son.
- 2011-2015. Universidade de Vigo. Graduada en Belas Artes.
- 2016-2017. Universidade de Vigo. Mestrado Universitario en Profesorado.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016. Festival de Cine de Medina do Campo, Valladolid. Finalista a mellor videoclip.
- 2016. XIII Edición do Festival de Cans, Finalista a mellor videoclip. Porriño, Vigo.
- 2016. V edición de Visioni Corte Filme Festival. Finalista a mellor Videoclip. Minturno, Italia.
- 2016. I Edición do Festival de videoclips de Oviedo, Asturias. Finalista a mellor videoclip.
- 2016. Festival Internacional de Curtometraxes FIC-ESMI, Bos Aires, Arxentina. Finalista a mellor Videoclip.
- 2016. Exposición colectiva A viaxe imaxinaria de Sofonisba Anguissola no Instituto Cervantes de Milán, Italia. 12/05/2016 ao 14/06/2016.

3º PREMIO COMPARTIDO

Laura García Calleja

Namur, Bélxica

Crieime en Namur, Bélxica, e trasladeime a Cangas de Onís (Asturias) con 10 anos. Tras realizar o bacharelato artístico cursei un grao medio de Laboratorio de Imaxe e posteriormente un grao superior de Técnico de Son, ambos no Centro Integrado de Formación Profesional, Comunicación, Imaxe e Son de La Felguera. Ao rematar estes estudos e non atopar unha saída profesional que me motivara o suficiente, decido retomar o campo das artes e trasladarme a Pontevedra para estudar na Facultade de Belas Artes. Alí especialízome en audiovisuais realizando curtometraxes e vídeos musicais experimentais, descubro que este campo me ofrece unhas posibilidades expresivas e creativas coas que me sinto identificada e que me permite desenvolver a miña carreira artística nunha rama que me apaixona.

Sofonisba



galicia



XUNTA DE GALICIA